

## **2.- Eixes e propostas estratéxicas para o desenvolvemento e creación de emprego en Galicia**

- 2.1.-** Crecemento para o emprego.
- 2.2.-** Desenvolvemento industrial e sectorial.
- 2.3.-** Infraestructuras.
- 2.4.-** Reforma administrativa para o emprego.
- 2.5.-** Novos empregos. Iniciativas locais para o emprego.
- 2.6.-** Incentivación ó emprego. Creación de empresas, cultura empresarial e de emprendedores.
- 2.7.-** Emprego xuvenil.
- 2.8.-** Emprego rural.
- 2.9.-** Formación.
- 2.10.-** Intermediación.
- 2.11.-** Organización do traballo.
- 2.12.-** Autoemprego e economía social.
- 2.13.-** Políticas positivas polo emprego. Colectivos especiais.
- 2.14.-** A estabilidade no emprego.
- 2.15.-** Fiscalidade e Seguridade Social.



## 2.1.- Crecemento para o emprego

Segundo a Comisión Europea, o emprego na UE responde ós cambios no *output* con certo retraso, polo que, diante das previsións dun crecemento modesto do PIB, a expectativa do crecemento no emprego non é moi favorable. O PIB medra porque crece ou a produtividade ou o número de traballadores. Na UE é moito máis forte o peso da produtividade que ó da contratación de novos empregados. O obxectivo comunitario pretende que o incremento do PIB se concrete en máis traballos sen descoidar o feito de que altas taxas de produtividade son un prerequisite para poder ser competitivos. A solución a esta difícil cuadratura do círculo parece estar máis próxima no comportamento das pemes que da grande empresa.

En Galicia dispóñese de análises estatísticas que estudian a conexión existente entre emprego e VEB <sup>(1)</sup>. As conclusións son sumamente interesantes. A máis relevante é a observación de que non existe unha conexión forte e estable entre a evolución do emprego e a evolución do VEB, o que, en certa forma, conecta co feito de que o pro-

ceso de creación de emprego en Galicia ten un forte compoñente autónomo.

Dado que o comportamento da agricultura é moi particular <sup>(2)</sup> convén diferenciar entre sectores primarios e non primarios. Desagregando estes últimos sectores en industria, construción e servizos, os resultados obtidos non se axustan ó que, *a priori*, cabería agardar.

Aínda que con moita precaución, pode dicirse que as variacións no emprego industrial ocorridas no período 1980-1994 non están relacionadas de ningunha forma coas variacións do VEB. En servizos, a relación vai do VEB ó emprego, mentres que en construción o nexo parece que é bidireccional. Por último, o indicador que adianta a variación do emprego nos restantes sectores é o da construción.

(1) A continuación comentarase brevemente o traballo, non publicado, realizado polo profesor Cancelo no que analiza a correlación existente entre o emprego e o VEB galego no período 1980-1994. As variables trimestrais expresounas en taxas interanuais de crecemento. O traballo desagregase en sectores e compárase co caso español.

(2) A evolución do sector agrario galego tanto en VEB como en emprego é tan singular que sorprende a autores como García Milá e Marimón, os que ó estudar a evolución do VEB agrario galego en conexión cos das restantes comunidades autónomas observan que lles dificultan as súas taxonomías, xa que Galicia non responde ás características estruturais das rexións pobres debido á alta porcentaxe de participación do sector agrario e a súa taxa de crecemento, superior ó promedio de España. Tamén no emprego o profesor Cancelo constata como a taxa de destrución de emprego do sector primario, sendo intensa, foi menor en Galicia que en España, polo que o seu peso no global español se incrementa.

Estes resultados son unha clara manifestación dos fenómenos estruturais existentes na economía galega. Os axustes de plantillas no sector industrial, o subemprego no sector primario, o raquitismo en determinados servicios, etc. provocan variacións de emprego máis erráticas e desaxustadas cas que cabería agardar ante modificacións do PIB.

Nesta situación dunha perda sistemática de activos no primario e industrial no crecemento no VEB, ó igual que sucede no contexto europeo, é máis forte o peso da produtividade que ó da contratación de novos empregados.

Sen embargo, un crecemento sostido do emprego ten que vir acompañado por un incremento sistemático no PIB, aínda que é difícil de precisar o umbral a partir do que en Galicia se crea emprego. En calquera caso, en 1996 o VEB galego por habitante representaba tan só o 83,23% da media española e o 63,84% da da Europa dos quince. O proceso de converxencia que ten que seguir a nosa economía para non descolgarse esixe un ritmo no crecemento superior ó español e ó comunitario. É máis, o Programa de Converxencia aprobado pola Administración Central para o período 1997-200 prevé o seguinte crecemento do PIB e do emprego:

	1997	1998	1999	2000
PIB	3,0	3,2	3,4	3,2
Emprego	2,0	2,2	2,3	2,1

O crecemento do emprego previsto en Galicia no secundario e terciario segundo as proxeccións efectuadas con anterioridade sobre o mercado de traballo galego eran do 4,6% anual e así ó inicio do ano 2002 teríase unha taxa de paro similar á actual media comunitaria, o 11%.

A anterior proxección esixiría que o emprego medre a unha taxa do dobre do que o faría en España. Elo supón unha taxa de crecemento do

PIB tamén sensiblemente superior ó promedio español, cuestión harto complicada se se observa a evolución máis recente desta variable:

	1994	1995	1996
España	2,0	2,8	2,2
Galicia	1,8	3,4	1,3

Fonte: INE, FIES

Un dos pilares para conseguir un crecemento do PIB é incrementar o investimento xa sexa público ou privado. No pulo ó investimento público a Administración Autonómica desempeña un papel fundamental. É preocupante a evolución deste investimento (capítulos 6 e 7 do orzamento) nos últimos anos. Os datos dos presupostos liquidados son os seguintes:

	1991	1992	1993	1994	1995	1996
Investimentos reais	98.533	101.679	105.091	93.074	92.431	94.112*
% do PIB galego	3,1	3,1	3,0	2,5	2,3	2,2

\* Créditos iniciais

Fonte: A economía galega. Varios informes. IDEGA-Fundación Caixa Galicia.

	1991	1992	1993	1994	1995	1996
Transferencias de capital	46.344	54.828	60.504	60.081	57.617	62.424*
% do PIB galego	1,5	1,6	1,7	1,6	1,5	1,5

\* Créditos iniciais

Fonte: A economía galega. Varios informes. IDEGA-Fundación Caixa Galicia.

A porcentaxe do investimento da Administración Autonómica, contabilizado sobre os créditos iniciais, no PIB galego no ano 1996 foi do 3,7%. Un obxectivo a alcanzar é incrementar esa porcentaxe ata un 5%. O problema é onde se poden obter os recursos adicionais para lograr esta porcentaxe. Os vieiros posibles son só tres:

- 1.- Incrementar o aforro público.
- 2.- Incrementar a débeda pública.
- 3.- Incrementar os fondos de reequilibrio territorial.

Un primeiro paso é lograr unha maior eficiencia na utilización dos fondos públicos. Parece fundamental a contención do gasto corrente e o incremento na débeda sempre que se destine para fins productivos.

Debido a que a dotación de fondos estruturais comunitarios está xa programada ata o ano 1999, coñécense case na súa totalidade os fondos que percibirá Galicia con cargo ás actuacións competencia da Administración Autonómica. A evolución dos fondos de reequilibrio territorial nos últimos anos, en millóns de pesetas, foi a seguinte:

	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996
F.C.I.	19.446	21.332	22.130	23.505	24.073	25.791	23.670*
F.F.EE.	9.431	8.643	28.685	29.332	32.239	42.909	48.731*

F.C.I.: Fondo de Compensación Interterritorial.  
 F.F.EE.: Fondos Estructurais  
 \* Créditos iniciais  
 Fonte: A economía galega. Varios informes. IDEGA-Fundación Caixa Galicia.

Apréciase o estancamento no FCI fronte ó considerable incremento dos fondos estruturais.

No logro dunha maior eficiencia non parece razoable seguir mantendo a actual organización para a xestión das transferencias de capital. Estas

deberían centrarse nas axudas ás pemes e cómpre a existencia dun organismo único que xestione a multiplicidade de liñas de axuda.

### RECOMENDACIÓNS

En función do descrito anteriormente, propóñense as seguintes recomendacións:

1.- Instar á Xunta de Galicia para que o investimento público nos presupostos alcance como mínimo o 5% do PIB galego.

2.- Os fondos necesarios para conseguir o anterior obxectivo obteríanse dun maior aforro público, unha utilización máis adecuada da débeda e dunha posible renegociación da partida correspondente ó Fondo de Compensación Interterritorial.

3.- Coidaríanse ó máximo as partidas orzamentarias dedicadas ós gastos correntes (gastos en publicidade, medios de comunicación, representación, relacións públicas, etc.).

4.- Aproveitar de forma máis eficiente os fondos estruturais evitando a perda de subvencións por non realizar as actuacións previstas.



## 2.2.- Desenvolvemento industrial e sectorial

**h**ai en Galicia un grupo de sectores dependentes dos recursos naturais existentes na comunidade que configuran a súa base productiva máis importante. Estes sectores artéllanse nunha serie de complexos nucleados por unha actividade.

De forma resumida cabe referirse a cinco grandes complexos:

- 1.- Agro-industria;
- 2.- Mar-industria;
- 3.- Enerxía;
- 4.- Silvicultura-madeira;
- 5.- Pedra natural.

A estratexia para o desenvolvemento de cada un deles ten que ser diferente, pero si cabe artellar accións horizontais que melloren a posición competitiva do conxunto. En tres dos casos, hanse de adaptar ós novos escenarios da reforma da Política Agraria Común (PAC).

No sector agroindustrial, a produción gandeira é o núcleo sobre o que pivota unha parte significativa da produción agraria, da industria de alimentación animal e os sectores cárnicos e lácteos. Da súa evolución depende o desenvolvemento das áreas rurais nas que se asenta. Ademais dos problemas de cota existentes no sector lácteo, a

industria enfróntase á necesidade de pecha-los ciclos productivos, actualmente case detidos na primeira transformación.

O complexo mar-industria é unha das actividades con maior tradición en Galicia. Sobre o sector pesqueiro pivota unha boa parte da actividade de conserva enlatada de peixe e o sector de conxelados, ademais dos estaleiros dedicados ós buques de pesca e todo un complexo sector de servizos. Decíase con anterioridade que este complexo xeraba no ano 1994 ó redor de 120.000 ocupados. Sobresae a súa capacidade exportadora, a alta cualificación das persoas que nel traballan, a integración vertical existente e a dimensión e dinamismo das empresas líderes do mesmo. Por contra, ademais dos problemas inherentes motivados polos acordos pesqueiros, apréciase nos estaleiros unha carencia de demanda interna e no sector conserveiro unha presión dos competidores de países do terceiro mundo moi forte.

O sector enerxético xera cáseque o 30% do VEB do sector industrial galego. Aínda que as grandes decisións son tomadas fóra da comunidade, as principais cuestións que afectan á mesma refírense ó esgotamento dos recursos e ó desenvolvemento de enerxías alternativas, que se tratan no seguinte apartado, dedicado ás infraestruturas.

O complexo da silvicultura-madeira é outra das actividades tradicionais da economía galega. No referente á industria, mentres que nas primeiras transformacións dispónse dun importante entramado, o sector do moble de madeira ten unha dimensión moi escasa. O obxectivo neste complexo tería que dirixirse cara á modernización da actividade de primeira transformación, a consolidación das industrias de taboleiros e para tentar que se remate o ciclo productivo en Galicia; a potenciación do sector do moble centraríase no deseño máis que na preocupación polo tipo de materias primas existentes nesta comunidade autónoma. Cuestión aparte é o aproveitamento racional dos recursos do monte, no que o Plano Forestal marca unha serie de liñas a seguir.

Vinculado a este complexo está a fabricación de pasta de papel, actividade sobre a que Galicia, superando os problemas medioambientais, dispón dunha grande potencialidade non explotada ata o de agora.

Tamén vencellado ós recursos naturais atópase o complexo da extracción e transformación da pedra natural na vertente da lousa e do granito. Ámbalas dúas actividades estan volcadas cara á exportación, os produtos obtidos son de boa calidade e o tecido empresarial está constituído por pemes. O sector tivo un grande desenvolvemento nos últimos anos non exento de problemas. É interesante a mellora de aspectos tales como unha maior xeración de valor engadido ou incidir na preocupación polos problemas medioambientais.

Sendo os cinco anteriores os complexos máis tradicionais na economía de Galicia, nos últimos tempos o sector vitivinícola sobresa como un sector emerxente. O que está a suceder en determinadas denominacións de orixe pode ser un exemplo a emular por outros sectores en canto á imaxe de marca, á calidade do produto, etc.

Desvinculados do aproveitamento dos recursos naturais pero con tradición na economía galega atópanse o sector da automoción e a confección en serie de prendas de vestir e xéneros de punto. Sobre o primeiro se está a consolidar unha industria auxiliar que debe tender cara a unha maior

diversificación do seu mercado, mentres que o principal problema do segundo é o da deslocalización da industria hacia países con menores custos de man de obra.

Por último, a estrutura industrial complétase cun grupo de empresas que veñen denominándose de enclave, que tampouco chegan a finalizar en Galicia o seu ciclo productivo. É o caso da fabricación de aluminio, que aproveita os recursos enerxéticos galegos.

Dos restantes sectores, cómpre suliñar o escaso peso dos servicios avanzados ás empresas, conformado por un grupo heteroxéneo de actividades. A evolución deste sector está directamente vinculada á modernización da estrutura productiva galega, sendo o seu peso actual relativamente baixo. As formas máis modernas de organización industrial esixen a articulación dun conxunto de actuacións tendentes a reforzar esta actividade.

## POLÍTICA REXIONAL E INDUSTRIAL

A política industrial artéllase e xestiónase actualmente alomenos en catro Consellerías. As actuacións céntranse na vertente da mellora do entorno das empresas ou na articulación dunha política activa cara as empresas.

Nas políticas de mellora do entorno un punto no que incide especialmente a Administración Autonómica é a financiación ás empresas. Destaca o programa, coordinado co sistema financeiro, de subvención ó tipo de xuro dos préstamos. Recentemente está aberto o debate sobre a eficacia das actuacións públicas neste ámbito no contexto duns tipos de xuro baixos. Existen outros eidos como o de infraestructuras ou o de prestación de determinados servicios que sendo elementos básicos na política industrial trataráanse noutros eixes.

Para a execución da política financeira en tódalas súas vertientes, a Xunta dispón actualmente de tres instrumentos: Igape (Instituto Galego de Promoción Económica), Sodiga (Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia) e Inesga

(Sociedade de Investimentos Estratéxicos de Galicia), aínda que a participación da administración autonómica no capital desta última sociedade é minoritaria.

O Igape dispón dunha longa lista de programas e aínda foron ampliados neste último ano. Ademais de subvencionar os préstamos, incluído o leasing, avala financeiramente ás empresas que destinen íntegramente os seus créditos á creación, ampliación, reconversión e reestructuración das mesmas. Tamén dispón de actuacións que favorecen e fomentan as exportacións e a busca de mercados no exterior.

Sodiga está participada maioritariamente pola Xunta dende o ano 1994. A súa función dende a súa creación no ano 1972 era a participación minoritaria e temporal no capital social das empresas e a concesión de préstamos ás mesmas. Unha crítica que dende hai anos se lle ven facendo é que a súa actuación se circunscribe á de ser un intermediario financeiro máis, prestándolle moita máis atención ó capital desenvolvemento que ó capital risco.

O papel de Inesga circunscríbese a prestar financiamento a grandes proxectos empresariais que realicen grupos galegos ou empresas foráneas establecidas en Galicia. No contexto actual parece necesaria unha revisión da finalidade da citada sociedade, da que a Xunta só dispón do 30% do capital social.

Neste eido coma noutros existe unha certa descoordinación entre as políticas levadas a cabo pola Administración Central e a Autonómica e incluso se agravaba o problema coas actuacións das Administracións provincial e local. Fixéronse esforzos por parte do ICO e do Igape neste senso, e dende o Miner artelláronse iniciativas para unificar criterios para a racionalización da variedade de cuestións que trataban varias administracións.

Se atendemos ás actuacións políticas dirixidas cara á empresa, unha das ferramentas clásicas na política rexional e industrial é a subvención a fondo perdido ó investimento productivo, medida calificada en ocasións como un despilfarro dos recursos,

e que a Administración Autonómica as foi orientando, as veces só nominalmente, cara á accións selectivas. Neste contexto máis que noutros incardínabase o Plan Intersectorial de Competitividade (PIC) da Xunta, que, executado por varias Consellerías e polo Igape, pretendía ademais lograr alianzas estratéxicas entre empresas e, tamén, accións de promoción comercial. Neste sentido considéranse que os resultados obtidos por Sodiga e o Igape son insuficientes.

Pero ben é certo que as ferramentas de política rexional de que dispón a Xunta son moi variadas. Aspecto distinto é a eficacia na súa utilización. A problemática presentada nos diagnósticos téntanse abordar cunha multiplicidade de programas. Así, a aposta pola calidade plásmase na creación dunha sociedade denominada "Fundación para o Fomento da Calidade Industrial", que levará a cabo o propio plan de calidade para Galicia.

Fronte a necesidade de innovar e adoptar tecnoloxía punteira atopamos unha serie de axudas que tentan fomentar a I+D.

En resumo, os axentes sociais fan as seguintes consideracións á actual política de incentivación :

1.- Requírese unha maior axilidade dos diferentes programas existentes, incluíndo as sociedades de capital-risco, que permita unha maior adaptación ós cambios producidos nos mercados financeiros e que fan que a miúdo estes programas non resulten interesantes para as empresas, por estar moi por riba das condicións de mercado.

2.- É recomendable unha maior coordinación entre estes instrumentos que se dedican a diferentes conceptos investidores (circulante, capital fixo, etc.)

3.- É preciso remove-las discriminacións existentes en contra das empresas mercantís en unha grande cantidade de incentivos. Existen incentivos dirixidos ás empresas de economías social, pero non destinados a outras formas xurídicas, polo que moitos emprendedores non poden acceder ós mesmos por carecer do número mínimo de socios requerido, ou por constituir unha empresa cunha forma xurídica diferente.

## RECOMENDACIÓNS

Para o desenvolvemento industrial e sectorial da economía galega propóñense a Xunta de Galicia, de forma máis concreta, as seguintes recomendacións:

- 1.- Impulsar o peche dos ciclos productivos na comunidade autónoma.
- 2.- Apostar pola calidade nos produtos, para o que se apoian tanto as actuacións que incidan na mellora na calidade como na divulgación dos produtos de calidade.
- 3.- Centrar as actuacións públicas no fomento á comercialización, auténtico talón de Aquiles da industria galega.
- 4.- Axilizar e coordinar as actuacións de política rexional competencia dos diversos organismos.
- 5.- Implantar definitivamente a “ventanilla única”.
- 6.- Utiliza-los instrumentos de política rexional para corrixi-los desequilibrios territoriais.
- 7.- Apoio ós sectores emerxentes que creen emprego de calidade.
- 8.- Potenciación das axudas dirixidas a unha actualización tecnolóxica e transferencia de tecnoloxía ás empresas, para reduci-los nosos niveis de dependencia tecnolóxica exterior.
- 9.- Fomento da actividade exportadora, cara a consecución de novas cotas de mercado e penetración de produtos galegos na Unión Europea, e novos mercados exteriores, coordinando os esforzos das distintas administracións. Auna-los esforzos das administracións galega e portuguesa para a constitución dunha feira Galicia-Norte de Portugal.
- 10.- Reordenación das feiras e exposicións realizadas na Comunidade Autónoma tendo en conta a súa importancia económica e os beneficios que se derivan das mesmas, evitando as constantes repeticións xa que diminúen o seu interese e son pouco efectivas. As subvencións as feiras e exposicións deben ser de carácter xeral.
- 11.- Definición clara e reorientación da actuación do Igape.
- 12.- Dotación de maior operatividade a Sodiga, reducindo as importantes garantías que esixe para a financiación de proxectos empresariais.
- 13.- Reorganizar, reordenar e centraliza-las diferentes axudas para as empresas de nova creación e autoemprego de forma que se clarexe o seu de complementariedade.
- 14.- Fortalecemento e mellora do sistema de Garantías Recíprocas, mediante a aportación de recursos suficientes, de forma que poidan ampliar a súa función de instrumentos de promoción empresarial, especialmente das empresas de nova creación.
- 15.- Incentivación do investimento estranxeiro a través e fondos de capital-risco específicos para este cometido.
- 16.- Retomar e potencia-la idea de Galicia-Calidade no exterior.
- 17.- Estudio da posibilidade de pago anticipado por parte da Xunta das axudas para comenar unha actividade empresarial, co debido control, e facer fronte ós primeiros gastos de posta en marcha das empresas de nova creación nun tempo axeitado.
- 18.- Precísase dunha concertación entre a Administración, as Entidades Financeiras (bancos e caixas de aforros) e as Sociedades de Garantía Recíproca. O obxectivo ten que ser un compromiso destas entidades financeiras co desenvolvemento económico de Galicia.
- 19.- Fomenta-la cooperación entre os centros de investigación e as pemes de forma que as actividades de investigación realizadas respondan as necesidades das empresas. Dende esta perspectiva cómpre desenvolver o Parque Tecnolóxico de Galicia e os Centros de Innovación e Servicios.

## 2.3.- Infraestructuras

a dotación en infraestructuras ten unha importancia vital para Galicia, que acumula problemas derivados da súa situación periférica, o seu disperso sistema de asentamentos humanos e a súa complicada orografía. A superación das carencias en infraestructuras resulta fundamental para asentalo modelo territorial do futuro, no que se poidan desenvolver de forma eficiente as relacións económicas entre os axentes da rexión e se acade un maior grao de cohesión social.

### INFRAESTRUCTURAS TERRESTRES

En Galicia unha das actuacións estruturais máis importante de competencia estatal son as autovías de conexión coa Meseta: o acceso norte a Galicia, autovía do Noroeste, entre Benavente (Zamora) e A Coruña, de 329 km., dos que 167 km. atópanse en territorio da Comunidade Autónoma galega, e o acceso sul a Galicia, autovía das Rías Baixas, Benavente-Porriño, de 291 km., dos que 174 quilómetros son de Galicia.

En principio, a idea é que a autovía do Noroeste estea rematada totalmente no ano 2001, debido ós retrasos do tramo de Pedrafita do Cebreiro por deficiencias presupuestarias. Trátase dunha zona de difícil orografía e de alto valor ecolóxico. A auto-

vía das Rías Baixas pretende estar rematada en 1999.

Tamén con cargo ós presupostos da Administración Central, están previstas a conclusión da autopista A-9 e a conexión entre Verín e a fronteira portuguesa.

No terreo das infraestructuras, polas súas características de vertebración do territorio, é moi importante o remate da A-9, xa que conecta cinco das sete grandes cidades galegas (Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña e Ferrol), facilitando a mobilidade dunha poboación de preto de millón e medio de habitantes. Aínda non rematada, atópanse en fase de construción os tramos Miño-Fene e Rande-Puxeiros. A Empresa Nacional de Autopistas investirá 60.000 millóns en Galicia e, segundo as súas previsións, no 98 se poderá circular por autopista dende Fene ata a fronteira lusa. Neste contexto é sorprendente que non estea definida a conexión da cidade de Ferrol coa autopista A9.

En canto a infraestructuras terrestres, a Administración Autonómica executa a súa política baseada principalmente no **Plano de Estradas de Galicia**, que se ven levando a cabo en dous quinquenios, 1991-1995 e 1996-2000. Neste Plano téntase consolidar uns eixos de comunicación, en

consonancia cos determinados no seu día polo Plano Director de Infraestructuras do goberno central. Estes son:

1 - Eixos de comunicación Norte - Sul, con dous itinerarios: o eixo litoral e o eixo interior.

2.- Eixos de comunicación co exterior, sendo os principais itinerarios os que conectan con Asturias, con Portugal, e as comunicacións coa Meseta.

3.- Grandes comunicacións entre a Galicia interior e a Galicia costeira, que trata de comunica-las cidades do interior galego coas da costa e os accesos ás zonas de Ferrol-A Coruña e Pontevedra-Vigo.

Con todo este entramado de conexións preténdese acadar unha millor comunicación entre as distintas zonas de Galicia de xeito que haxa unhas milloras e máis rápidas comunicacións entre as sete principais cidades galegas a través das autovías e conectando coa autoestrada A-9.

O goberno galego ten previsto investir en 1997 un total de 22.577 millóns de pesetas na continuidade do Plan de Estradas de Galicia. No que atinxe á renovación e conservación de estradas, os orzamentos de 1997 prevén un investimento de 4.366 millóns, dos que 2.375 estarán destinados a obras de ancheamento e mellora do trazado e reforma do firme, e 1.991 a actuacións de acondicionamentos locais. En total, a Xunta de Galicia actuará, en 1997, en 874 quilómetros de estrada.

Por último, neste contexto non se deba esquecer o especial significado que ten para Galicia o feito de que se desenvolva a comunicación co Principado de Asturias para o que urxe a execución da autoestrada do Cantábrico.

### INVESTIMENTOS EN FERROCARRÍS

Na actualidade, tódolos tramos da rede ferroviaria en Galicia son de vía única o que, unido ás características orográficas do territorio, condiciona as velocidades medias desenvolvidas polos trens na nosa comunidade, que son aproximadamente a metade das desenvolvidas na media nacional. O anunciado Plano Ferroviario para Galicia, de levar-

se adiante, suporía un investimento de máis de 221.000 millóns de pesetas e presenta como novidade máis importante a posta en marcha dunha liña de alta velocidade entre Ponferrada e Monforte, cunha lonxitude de 110 quilómetros. Ademais, inclúe outras actuacións, entre elas a modernización das liñas Redondela-A Coruña, Vigo-Tui e Porto de Marín-Pontevedra, a renovación da estación da Coruña e a construción das variantes de Monforte, Betanzos e Guillarei.

As necesidades actuais pasan polo desenvolvemento dun programa de investimentos que ten por obxectivo mellora-la infraestrutura básica (mellora dos trazados, renovación da vía, ...) e potencia-lo uso do ferrocarril mediante a prestación de servizos de calidade e a incorporación de novos como a Velocidade Alta para longo recorrido. Os investimentos programados deben afrontar tres campos de actuación: a rede interior de Galicia (con especial atención a Ferrol e a súa conexión con Asturias), a conexión ferroviaria co resto do país (Variante do Guadarrama) e a comunicación con Portugal. Estes investimentos débense executar atendendo a criterios de eficiencia e operatividade, e, en ningún caso, a criterios doutro tipo. É importante e necesario que tanto a Administración Autonómica como a Central como a propia Renfe e Feve, por unha banda (rede interior e conexión co resto do país) e o Goberno portugués, por outra (conexión transfronteiriza) participen de forma coordinada na consecución deste obxectivo para alcanzar unha maior eficiencia e poder obter financiación da Unión Europea, no caso da conexión con Portugal.

### INFRAESTRUCTURAS PORTUARIAS

Unha das infraestructuras básicas dunha comunidade que dispón de 1.600 km. de costa son os seus portos. A competencia administrativa dos mesmos repártese entre a Administración Central (sete portos) e a Autonómica (máis de 70 portos). Esta separación está a crear certas disfuncionalidades.

Por outra banda, constátase a necesidade da conexión ferroviaria e tamén a de cabotaxe para

favorecer o transporte de mercancías. Nos portos de interese xeral unha das actividades nas que están especializados é a da pesca, aínda que no porto de Vigo é moi significativo o peso das mercadorías en xeral, mentras no de A Coruña o son os graneis líquidos (pola refinería de petróleo) e sólidos.

Dúas das demandas habituais dos usuarios dos portos galegos son: a) o seu alto coste de utilización e b) o funcionamento das Sociedades de Estiba e Desestiba.

### AEROPORTOS

Os tres aeroportos galegos dedicados ó transporte de persoas e mercadorías (Alvedro, Lavacolla e Peinador) foron remodelados nos últimos anos, polo que agora cómpre unha mellora no aproveitamento destes recursos, sobre todo no transporte de mercadorías.

### SOLO EMPRESARIAL E PARQUES TECNOLÓXICOS

Son varios os organismos promotores e xestores de parques empresariais en Galicia: O IGVS, Sepes, Xestur Coruña, Xestur Lugo, Xestur Ourense, Xestur Pontevedra, Sigalsa, Deputacións, Concellos e asociacións particulares. No ano 1993 eran 105 o número de parques previstos, dos que en funcionamento tan só estaban 23. Esta política de dotar de solo empresarial a unha grande parte das vilas galegas viuse freada ante o feito de que tal oferta non se axustaba á demanda existente.

Nas infraestruturas galegas tamén se debe ter en conta a importancia do Parque Tecnolóxico de Galicia, situado en San Cibrao das Viñas, e o esforzo da Zona Franca de Vigo para a execución do Parque Tecnolóxico de Valladares. Estes parques poden considerarse como relevantes na difusión da tecnoloxía, aínda que o Parque Tecnolóxico de Galicia aínda non cumpriu coas expectativas nel depositadas. Recentemente, vinculado ó Igape, neste parque creouse o Centro de Innovación e Servicios Tecnolóxicos da Madeira.

Tamén dependente do Igape, creouse o Centro

de Innovación e Servicios (CIS) en Ferrol, que ten dúas áreas ben diferenciadas, o CIS de deseño e o CIS de tecnoloxía. Teóricamente, o CIS funciona como intermediario entre as pemes e as uniiversidades, centros de I+D, centros de bases de datos, e a propia Administración pública. Este CIS ten un centro xeral e uns centros sectorais, que respostan a necesidades concretas dun sector.

### OUTRAS INFRAESTRUCTURAS

Ademáis dos equipamentos básicos para o desenvolvemento, deterémonos brevemente na dotación de infraestruturas enerxéticas e de telecomunicacións.

Os esforzos na dotación de infraestruturas enerxéticas en Galicia se centran fundamentalmente en tres ámbitos: gasificación, enerxía eólica e coxeración. O gaseoducto é a infraestructura para trae-lo gas natural a Galicia. Precisou 300.000 millóns de investimento. Na actualidade estase construindo o gasoducto de Extremadura, que enlazará coa rede portuguesa de gasoductos, e que logo seguirá ata Galicia, onde tiña previsto enlazar con Tui, este mesmo ano. O gasoducto percorrerá a comunidade dende Tui a Ribadeo, pasando polas principais cidades do eixo atlántico e con ramais a Ourense, A Coruña, Ferrol, Lugo e puntos da mariña luguesa. Neste proceso de gasificación quedou como simple proxecto a instalación en Ferrol dunha planta de regasificación de gas licuado, proxecto que coidamos debería retomarse.

A enerxía eólica plantexase, en Galicia, como unha alternativa de futuro para o sector eléctrico, ademais de xerar emprego por vía directa e indirecta mediante os investimentos que precisa. As dificultades están nos seus altos custos que non a fan moi competitiva con respecto a enerxías alternativas.

Por último, a coxeración é un sistema de optimización do consumo enerxético que están utilizando un importante número de empresas galegas. Trala incertidume que supuxo o Protocolo Eléctrico é unha alternativa que se ten que potenciar como tamén, cando funcione a rede de gas, a trixeración.

En canto ás telecomunicacións, hai que salientar a boa posición actual gracias á implantación de procesos como a telefonía móbil ou a dixitalización e tamén polo desenvolvemento do plano de telefonía rural. Un fenómeno tamén importante foi a instalación da Rede Dixital de Servicios Integrados (RDSI).

O Igape conta coa rede telemática Igate, na que os empresarios galegos poden acceder ás informacións acerca das outras empresas, ás novas tendencias e ós procesos de innovación. Atópase en proxecto de creación unha autopista de información que comezou en marzo do 1996 e quedou plasmado nun acordo firmado coa multinacional Fujitsu a principios do 1997. A creación desta Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (Recetga) está pensada como unha rede de apoio á docencia e ó sistema universitario, e, tamén, ó sistema empresarial e económico galego, aspirando a crear un parque tecnolóxico virtual galego que englobe ó maior número de empresas.

Este avance tecnolóxico precisa dunha adecuación da cultura das empresas para que os resultados do proceso sexan os esperados.

O obxectivo final que se formula é que Galicia, a pesar da súa condición de territorio periférico, logre un acercamento ós centros de actividade económica máis dinámicos do territorio español e do espazo europeo. A través da mellora da rede interna de infraestruturas, lograrase un mellor equilibrio poblacional e unha mellor estruturación territorial.

En particular, consolidando as áreas metropolitanas do eixo Atlántico e da conexión con Portugal preténdese que as cidades galegas teñan a ocasión de xoga-lo papel que as áreas urbanas desempeñaron no desenvolvemento europeo.

## RECOMENDACIÓNS

Para unha mellora na dotación de infraestruturas, para unha utilización máis eficaz o que indirectamente incide en un mellor comportamento do mercado de traballo, propóñense as seguintes recomendacións:

1.- Intensificar as actuacións para executar ou remata-las vías de comunicación cara ó exterior nos prazos previstos.

2.- Renfe e o Ministerio de Fomento son os organismos que teñen que seguir sostendo, mellorando e adecuando o servizo ferroviario. Han de programar unha política de investimentos con criterios empresariais. Maníféstase unha oposición ó soporte de cargas por parte da Xunta nas liñas que ocasionen déficits a Renfe.

3.- A Administración deberá artellar todo tipo de medidas para que o servizo ferroviario sexa competitivo.

4.- Ó igual que sucede noutras rexións europeas, a articulación do territorio conleva a potenciación do transporte combinado (porto-tren; aero-porto-tren) e o acceso do tren ós parques industriais.

5.- Instar á Administración Central a rápida execución da variante do Guadarrama.

6.- É importante potenciar o tráfico de contenedores e de cabotaxe dentro e fóra da Península.

7.- Hanse de enlazar os portos galegos á rede ferroviaria.

8.- Deberáse articular unha política de relanzamento e aproveitamento dos portos galegos e de rebaixa dos custos tarifarios.

9.- Tentaráse modificar o actual funcionamento das Sociedades de Estiba e Desestiba.

10.- Negociarase a transferencia da xestión dos portos de interese nacional á administración autonómica.

11.- Equipararanse os prezos do solo industrial a niveis europeos.

12.- Propónse impulsar e axilizar os plans urbanísticos, que favorezan a creación de polígonos industriais onde sexan necesarios.

13.- Completar as dotacións dos parques empresariais programados polo Instituto Galego da Vivienda e Solo.

14.- Conservación e dotación dos parques xa creados a cargo do SEPES.

15.- Executar unha política decidida de apoio ó Parque Tecnolóxico de Galicia.

16.- Corrección dos criterios de localización dos parques empresariais apostando por criterios sectoriais e territoriais.

17.- Potenciación e posta en funcionamento das depuradoras de augas residuais.

18.- Compromiso do Goberno para que a regulación tarifaria dos consumos industriais permita condicións competitivas ás empresas.

19.- Aproveitamento dos recursos hidráulicos de Galicia, autorizando a construción de minicentraís hidráulicas.

20.- Potenciación de proxectos de coxeración eléctrica para chegar a un potencial óptimo de crecemento de 500.000 kilowatios.

21.- Fomento da trixeración (producción de frío e calor a través do gas).

22.- Garantir un servizo de calidade e maior seguridade, que atalle os problemas de subministro por deficiencias nas redes de distribución e adecuando a potencia e voltaxe ás necesidades de cada colectivo.

23.- Aceleración do proxecto de creación de estacións de mercancías.


24.- Acelerar o desenvolvemento da rede RDSI e da fibra óptica.

25.- Completa-la execución do proxecto de gasificación na nosa Comunidade Autónoma, impulsando os acordos alcanzados recentemente entre España e Portugal, incluíndo a construción da Planta de Gasificación de Ferrol.

26.- Potenciación das redes comerciais e das súas infraestructuras de acceso.



## 2.4.- Reforma administrativa para o emprego

 Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, establece no seu artigo 29 que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que neste ámbito, e no nivel de execución, ostenta actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste. Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias. Pola súa banda, o artigo 55.4. establece que a Comunidade Autónoma galega queda facultada para constituír institucións que fomenten a plena ocupación e o desenvolvemento económico e social no marco das súas competencias.

O Decreto 200/1994, do 23 de xuño, establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, asignándolle á Dirección Xeral de Relacións Laborais as funcións de dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, isto sen prexuízo de que a Consellería de Familia, Muller e Xuventude teña competencias asumidas tamén no que respecta ás empresas de economía social e á promoción de emprego.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais, a través da Subdirección Xeral de Traballo, é a que coordina, promociona, controla e executa as competencias da Xunta en materia laboral, cooperativas e formas de economía social. Tramita e xestiona as axudas e subvencións á formación, presta apoio técnico e promociona o cooperativismo e outras formas de economía social. Tamén realiza a cualificación, inscrición e certificación de actos que deben acceder ó Rexistro de Cooperativas e Sociedades Anónimas Laborais.

Mediante o Decreto 2/1994, do 13 de xaneiro, fíxanse as competencias da Consellería de Familia, Muller e Xuventude en materia de formación ocupacional e promoción do emprego. Neste ámbito, seguindo a Memoria da propia Consellería, as actividades a realizar pódense estruturar do seguinte modo:

- Desenvolvemento das funcións en materia de formación ocupacional e promoción de emprego e da economía social, compartido coa Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

- Programación, coordinación, asistencia técnica, seguimento, avaliación e control dos programas de economía social, axudas á contratación, integración laboral de minusválidos, así como todas aquelas iniciativas relacionadas con estas materias.

- Planificación, programación, seguimento e avaliación das accións de formación ocupacional.

- Elaboración e mantemento do censo de centros colaboradores en formación ocupacional.

- Xestión administrativa dos programas de formación ocupacional.

- Elaboración dos distintos planos de formación ocupacional e emprego.

- Xestión da recentemente implantada axencia de colocación da Xunta de Galicia, denominada Servicio Galego de Colocación.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, a través da Dirección Xeral de Servicios Sociais, xestiona a Lei 9/91, sobre medidas básicas para a inserción social. Esta lei se desenvolve en dúas vertentes: a) xestión da Renda de Integración Social de Galicia (Risga) e b) axudas de emerxencia. Na Risga contéplanse proxectos de inserción social e laboral. Aproveitase dos fondos do programa Itinere Galicia incluído no programa comunitario Horizon II a través do apoio dos servicios sociais dos concellos.

A Consellería de Economía e Facenda, a través do Igape, en virtude do Decreto 309/1995, sobre incentivos para o desenvolvemento e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma, dispón dun grupo de programas de incentivación que directa ou indirectamente apoian a creación de emprego. Tamén Sodiga, co seu apoio a xoves emprendedores, conta cunha liña de incentivación ó autoemprego. De forma moito máis indirecta, as Consellerías sectoriais, coas súas actuacións verticais, fomentan a creación de emprego en Galicia.

As competencias e a xestión en formación, un dos elementos fundamentais para un mellor funcionamento do mercado de traballo ademais da Consellería de Familia, Muller e Xuventude tamén incide nela a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (a través da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional e da Dirección Xeral de Universidades e Investigación) e a Consellería de Pesca (median-

te a Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación).

## RECOMENDACIÓNS

Para unha maior eficacia na execución das políticas destinadas ó desenvolvemento e á creación de emprego en Galicia acordase trasladar á Xunta de Galicia a seguinte recomendación:

- Sendo o obxectivo central da política económica e social da Xunta de Galicia, na vindeira lexislatura, a creación de emprego, e tendo en conta a importancia da transferencia das políticas activas do Inem á Xunta en 1998, considérase que un dos eixes prioritarios da actuación do goberno autonómico neste senso debe ser unha reforma administrativa que impulse a unificación de tódalas políticas activas e pasivas de emprego da súa competencia e coa doutras administracións públicas.

Neste senso, considérase imprescindible a unificación, nun órgano, das competencias hoxe dispersas en materia de formación profesional ocupacional; colocación; axudas á contratación; economía social; relacións laborais e integración social, competencias, todas elas, que requiren un tratamento político-administrativo unitario para a súa maior eficacia.

Ademais:

- 1) Unificaranse os criterios de actuación das distintas Administracións e dos Organismos da mesma Administración.

- 2) Creación de subdelegacións da Consellería de Industria en cidades con importante presenza empresarial.

- 3) Creación dun Documento Único para as empresas de nova creación que permita realizar tódolos trámites necesarios para a posta en funcionamento da empresa.

## 2.5.- Novos empregos. Iniciativas locais para o emprego

**C**o progreso tecnolóxico, cos cambios na demanda, en definitiva, coa evolución da economía e da sociedade, desaparecen ocupacións tradicionais e xorden novas actividades cara ás que se han de orientar os traballadores co fin de adecuar a oferta de traballo á demanda existente. A identificación destes novos empregos é de importancia vital para a articulación dunha política adecuada.

Existen unha serie de documentos elaborados a partir do Libro Blanco coñecido como de J. Delors nos que se analizan, a nivel europeo, os sectores de futuro e tamén as novas actividades que están xurdindo nesta década. O Instituto Nacional de Emprego tampouco permaneceu alleo a esta problemática e acaba de elaborar un Informe no que realiza un estudio prospectivo do mercado de traballo nas 17 Comunidades Autónomas cara o ano 1998. Os observatorios ocupacionais do Inem elaboran periodicamente información sobre os novos xacementos de emprego en función das ofertas de colocacións recibidas.

Por último, na Administración Autonómica tamén se aprecia esta preocupación. Os estudos necesarios para planificar os cursos de formación ocupacional conlevan, 890-entre outros aspectos, a análise de cales son os novos empregos que xorden ou xurdirán na economía galega. Ademais,

o traspaso ó inicio de 1998 das actuais competencias do Inem en políticas activas do emprego esixirá reformas administrativas e a creación de observatorios ocupacionais competencia da Administración Autonómica. A posición que previsiblemente prevalecerá será a de obter información ocupacional a un nivel comarcal e para elo adaptárase a infraestrutura actualmente existente nos centros de formación ocupacional.

Os sectores, emerxentes en Europa, e que como tales teñen grandes posibilidades de que se incrementen o emprego son: Servicios sociofamiliares; Protección do medio ambiente; Telecomunicacións; e Audiovisuais.

O emprego agárdase que evolucione, sobre todo, nas seguintes actividades:

- Aproveitamento dos espazos públicos urbanos.
- Atención á infancia.
- Axudas á xoves con dificultades de inserción.
- Comercios de proximidade.
- Desenvolvemento dos costumes e da cultura.
- Novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patrimonio cultural.
- Protección e mantemento das zoas naturais.
- Regulación e control da contaminación e instalacións correspondentes.

- Sector audiovisual.
- Seguridade.
- Servicio a domicilio.
- Transportes colectivos locais.
- Tratamento de residuos.
- Turismo.
- Xestión da auga.

Estes xacementos no están exentos de obstáculos que merman as súas posibilidades de evolución. A escasa rendibilidade que se pode actualmente obter en moitos deles, a insuficiente cooperación entre o sector público e o privado, o custo de determinados investimentos, a insuficiencia nas infraestructuras, son os factores fundamentais que condicionan o desenvolvemento dos mesmos.

Descendendo o ámbito galego, segundo os observatorios ocupacionais do Inem de A Coruña e Lugo, as ocupacións que están experimentando os maiores cambios e un relativo crecemento asócianse os sectores seguintes:

- Silvicultura-madeira (traballador forestal, tala-dor motoserrista e carpinteiro de madeira)
- Reparación de automóviles (electricistas, mecánicos de motores e chapistas)
- Construcción (albañil, pintor de edificios, encofrador)
- Hostelería (cociñeiros)
- Comunicaci3ns (instalador de liñas de telecomunicaci3ns)
- Servicios varios (asistente social, auxiliar axuda a domicilio, vendedor de comercio, vixiantes)

Se se pasa ás ocupaci3ns máis relevantes manifestadas polas empresas de certo tamaño en Galicia, aínda co sesgo que sup3n os requerimentos específicos en cada unha delas, apréciase certa similitude nos resultados obtidos nas catro provincias, nas que se pensa que os empregos emerxentes son os seguintes:

- Representante de comercio e técnico de vendas.
- Técnicos en mecánica.
- Operadores de robots industriais.
- Secretarios, administrativos e asimilados.
- Técnicos en electrónica e telecomunicaci3ns.
- Operadores de gas natural.

No desenvolvemento destas ocupaci3ns, así como dos xacementos antes citados, xogan un papel determinante as iniciativas locais, que se tratan a continuación.

## INICIATIVAS LOCAIS PARA O EMPREGO

A finais da década pasada nun estudo sobre os factores que explicaban as decisións de localización industrial en Galicia concluíase coa constataci3n de que o criterio principal de localización dun alto porcentaxe das empresas recentemente instaladas era que alí atopábase a residencia do empresario. Os factores subxectivos prevalecían así sobre criterios económicos tales como a proximidade a un mercado, as vantaxes na producci3n ou custos, dispor de solo empresarial adecuado ou o acollerse ós beneficios dos incentivos públicos.

Esta reflexión serve para concluír que o local é certamente un eixe de referencia básico para as persoas que residen, traballan ou invisten naquel eido. Sen esta dimensión, un grande número de medidas xenéricas que se aplican sen considerar o territorio fanse inoperantes e, certamente, en moitos lugares as iniciativas locais son a única fonte de atopar novos empregos.

O longo dos oitenta e nos anos transcorridos do actual decenio veuse incrementando a preocupación, tanto teórica como empírica, de resaltar a importancia do nivel local como centro das iniciativas na creaci3n de emprego. Dende a OCDE e a UE ata os gobernos europeos estruturáronse programas e accións vencellados as iniciativas locais de creaci3n de emprego.

Recentemente a Comisión acaba de realizar un documento de traballo, aínda non publicado, no que se recollen as experiencias máis recentes sobre iniciativas locais de desenvolvemento e emprego e no Consello de Dublín acordouse a elaboraci3n dun Informe no que se tratará o potencial que ofrece o desenvolvemento local para estimular o seu crecemento.

A Comisión disp3n na actualidade de tres instrumentos o servizo das iniciativas locais:

1) Fomento das experiencias pilotos de carácter exemplar.

2) Fomento da difusión das boas prácticas.

3) Apoio ás políticas nacionais de axuda as iniciativas locais mediante os fondos estruturais. Mais o éxito destas iniciativas esixe dun cambio nas funcións das institucións locais, que dende a xestión, intervención e normalización teñen que desplazarse cara á animación, ó estímulo e á experimentación.

Os resultados das experiencias realizadas ata o de agora evidenciaban a existencia de obstáculos as veces dificilmente salvables pero que é preciso recoñecer. A Comisión sintetizaba en catro os freos existentes ó desenvolvemento das iniciativas locais:

1) Organización e intervención das autoridades públicas.

Ademais de ser coidadosos coas estruturas administrativas que se crean para artellar as redes locais, a administración ven infravalorando a amplitude do fenómeno ante as dificultades de obter estatísticas concretas sobre os resultados. O sector público é remiso a apoiar estratexias de desenvolvemento global e dirixe as súas actuacións primordialmente o ámbito sectorial, polo que máis que un crecemento do emprego o que logra é un desprazamento do mesmo.

Por outra banda, apréciase a necesidade dunha maior colaboración e complementación nos diferentes ámbitos da administración pública dándolle un maior protagonismo as autoridades locais e rexionais.

2) Obstáculos financeiros.

Os custos do investimento inicial en economías configuradas por empresas familiares, a solvencia destas familias, os custos da man de obra e a rendibilidade de determinados servizos tamén frean o desenvolvemento.

3) Formación e cualificación profesional.

Aínda que este aspecto tratarase regulamen-

tismocomo máis fondura noutro apartado os contidos das ensinanzas e as cualificacións dos traballadores son a miúdo inadecuadas para que fructifiquen as iniciativas locais.

4) Obstáculos xurídicos e regulamentarios.

As normas administrativas e unha excesiva regulamentación dificultan o desenvolvemento de iniciativas locais. A cotío os axentes emprendedores vense sumidos no estudio de reglamentacións moi complexas que impiden actuacións innovadoras e creadoras de emprego.

En definitiva, o entorno local ten que adquirir unha cohesión social tal na que se xeren un entorno coas externalidades necesarias para que se desenvolvan os novos métodos de traballo que implica unha moderna organización industrial.

No contexto das iniciativas locais teñen especial relevancia os pactos territoriais sobre o emprego, que segundo a Comisión Europea terían que respetar tres criterios:

1.- Unha aproximación que vai dende a base ó cumio, debendo emanar as iniciativas do nivel local.

2.- Participar os representantes dos poderes públicos, dos empresarios e dos traballadores, asociación de cidadáns, representantes do sector educativo e outros organismos diversos.

3.- Os plans de acción se fundamentaran na análise da situación local, utilizándose este para a realización de accións integradas e de medidas innovadoras para a creación de emprego.

Os últimos proxectos pilotos en materia de emprego apoiados pola UE están vencellados sobre todo coa economía social.

En Galicia, as iniciativas locais adquiren un carácter especial nas áreas nas que predomina o sector primario.

O fenómeno da industrialización en áreas rurais tratarase con maior detalle noutro apartado.

## RECOMENDACIÓN

Trala anterior reflexión sobre os novos empregos e as iniciativas locais para o emprego adóptanse as seguintes recomendacións:

1.- Impulso dun “terceiro sector” que a nivel local poda cubrir o lanzamento das demandas xeradas nas novas actividades.

2.- É desexable que a través da iniciativa privada se busquen fórmulas mixtas. De forma que a Administración cubra parte do custo salarial a través das prestacións de desemprego ou mediante incentivos económicos.

3.- A Administración podería contratar estes servicios “de proximidade” a través de Iniciativas Locais de Emprego, distinguindo as urbanas das rurais, pero contando sempre co aval e o control dos axentes sociais.

4.- Aproveitamento dos programas europeos e adoptar a estratexia de tentar participar nos programas pilotos sobre Iniciativas Locais de Emprego.

## **2.6.- Incentivación ó emprego. Creación de empresas, cultura empresarial e de emprendedores**

**n**o ámbito da incentivación ó emprego, a Xunta a través de convocatorias dunha serie de axudas á contratación, trata de fomentar a creación de emprego estable e procura-la inserción laboral, sobre todo daqueles colectivos que atopan especiais dificultades para acceder ó mercado de traballo, como: os xoves, mulleres que se atopan subrepresentadas na súa profesión, maiores de 45 anos, parados de longa duración ou minusválidos.

Os beneficiarios destas axudas son empresas que cumprindo unha serie de requisitos efectúen contratacións a estos colectivos, de forma que estos accedan a un contrato de traballo.

As axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, que se presentan no cadro da páxina seguinte, incrementáronse paulatinamente nos últimos anos.

Como se pode ver no ano 1995 (últimos datos) foron 63.100 as empresas que obtiveron algún tipo de axuda ou subvención, cun importe total de case 14.000 millóns de pesetas, o que supón un incremento respecto ó ano anterior de 1.500 millóns e un aumento nos últimos cinco anos de 43.000 beneficiarios destas axudas.

Estos incentivos económicos á creación de emprego deberían incidir na creación de emprego

con un carácter estable, ademais do emprego propiamente indefinido. Neste senso parece que tan importante como reflexionar sobre a modalidade do contrato o é sobre a estabilidade do traballador no posto de traballo aínda que o contrato fose temporal.

A actual organización industrial vai cada vez máis cara a unha concentración da actividade no núcleo da empresa externalizando si é posible unha grande parte do seu proceso productivo. En Galicia a falla dun entorno empresarial adecuado a moitas das actividades industriais xera procesos de integración vertical que non serían eficientes nun entorno como o definido polos distritos industriais. Esta nova organización, que incluso transforma a división internacional do traballo, esixe das empresas unha adaptación a un mercado mundial con determinados ciclos de negocios moi inestables. Xurde así a necesidade empresarial de dispoñer de empregos vencellados ós ciclos de vida dos produtos e a volatilidade da demanda.

A reflexión anterior tamén suxire que hai contratos de traballo que polas características da organización non son esencialmente temporais e, sen embargo, se asinan como temporais. As empresas que transforman contratos temporais en indefinidos ademais das axudas de subvencións a Seguridade Social en forma de bonificación do 50 % á cota

**Número de beneficiarios e importe das axudas concedidas en Galicia**

	1990	1991	1992	1993	1994	1995
<b>ADMON. DO ESTADO</b>						
Beneficiarios	16,2	19	20	28,5	37,7	38,9
Importe	4.117,50	5.173,50	6.114,00	7.483,00	8.450,50	9.549,40
<b>ADMON. AUTONÓMICA</b>						
Beneficiarios	3,9	4,2	4,4	8,4	17	24,3
Importe	1.120,00	1.252,50	1.427,70	1.896,30	3.672,30	4.125,00
<b>OUTROS*</b>						
Beneficiarios	-	0,3	0,5	2,4	-	-
Importe	-	73,9	151,3	306,8	-	-
<b>TOTAL</b>						
Beneficiarios	20,1	23,5	25	39,3	54,7	63,1
<b>Importe</b>	<b>5.237,50</b>	<b>6.499,90</b>	<b>7.693,00</b>	<b>9.686,10</b>	<b>12.122,80</b>	<b>13.674,40</b>

**Beneficiarios en miles / Importe en millóns de ptas.**

Fonte: MTSS. Anuario de Estadísticas Laborales  
 \* Iniciativas Comunitarias de Recursos Humanos sen desglosar por tipo de Admon.

empresarial durante os dous primeiros anos do contrato (agás maiores de 45 anos, minusválidos e mulleres que traballan en sectores subrepresentados) poden recibir axudas por parte da Xunta, nun intento de acadar un mercado laboral máis estable.

Tamén son interesantes algunhas iniciativas levadas a cabo a través do IGAPE, como poden ser as bolsas para xoves titulados que lles permiten acceder a unhas prácticas de formación e así acadar máis facilmente o seu primer posto de traballo.

Asemade poden considerarse positivas as prácticas en alternancia por parte dos xoves universitarios, as cales constan no curriculum académico do alumno ó concederlle créditos segundo os vixentes planos de estudio.

Polo que respecta á creación de empresas na Comunidade Autónoma galega, nos últimos cinco anos éstas se incrementaron en algo máis de 1.000 novos centros. Neste senso debemos ter en conta que éste é un ámbito no que incide moito o ciclo económico do país e non se debe esquecer a recente recesión, o que influíu sen dúbida na iniciativa dos empresarios e na posta en marcha de novos proxectos.

O reto principal que afrontan as empresas galegas e común as do resto de España. A inte-

gración monetaria e económica fai necesario que preparadas para o que vai supoñer, tanto en materia de competitividade con empresas doutros quince países, como pola integración dunha nova moeda e tódolos complexos factores que esto trae incorporado. Cada vez avanzamos cara a mercados máis globais onde as empresas deben estar en boas condicións de competir para poder sobrevivir.

É aquí onde se debe facer presente unha boa cultura empresarial para así sacar adiante proxectos viables e competitivos. Os cambios no mercado mundial precisan de emprendedores capaces de dirixir as empresas con eficacia e flexibilidade. Esta cultura é tan importante na grande como na pequena empresa, e debido a que a economía galega está especialmente configurada por pemes, compre redeseñar o papel das mesmas para que o non poder aproveitar as economías de escala ou alcance que se crean no seu interior si se beneficien das externalidades que o entramado empresarial galego poda facilitar.

A cultura empresarial consolídase potenciando, en primeiro lugar, as medidas encamiñadas o exercicio da libre empresa e eliminando as discriminacións que sofre o empresario fronte o traballo por conta allea. Así, por exemplo, un empresario individual ten que asumir un porcentaxe de cotizacións sociais moi superior ó do traballador e non empeza a recibilas prestacións da S.S. por baixa ata o

**Centros de traballo e traballadores segundo as características das empresas. Galicia**

	1990	1991	1992	1993	1994	1995
<b>De nova creación</b>						
Centros	5.854	5.944	6.467	5.613	6.664	6.896
Traballadores	11.166	11.676	12.360	10.829	12.503	11.489
<b>Xa existente</b>						
Centros	1.680	1.780	1.997	2.140	2.313	2.593
Traballadores	10.457	11.467	10.961	12.215	14.110	15.497
<b>Non consta</b>						
Centros	211	156	192	195	210	184
Traballadores	877	716	870	928	567	481
<b>Total</b>						
Centros	7.746	7.880	8.656	7.948	9.187	9.673
Traballadores	22.500	23.859	24.191	23.972	27.180	27.467

Fonte: MTSS. Anuario de Estadísticas Laborales

quinceavo día (dende o 4 ó 15 son da súa conta), esta discriminación supón un obstáculo real a visión do autoemprego e da creación de empresas como unha opción máis á entrada no mercado laboral.

## RECOMENDACIÓNS

En liña co preámbulo anterior recoméndase:

1.- Centralizar as axudas para a creación de emprego.

2.- Ademais das accións que incentivan directamente a contratación resulta interesante deseñar unha política económica (níños de empresas, solo empresarial, etc.) cara a que as empresas participen con éxito no mercado e elo permita a creación de novos postos de traballo.

3.- Hanse de potenciar en Galicia o uso de figuras contractuais non excesivamente utilizadas como os contratos de relevo, os contratos formativos, a minusválidos menores de trinta anos, contratación estable a tempo parcial, fixos discontinuos, etc.

4.- No futuro, as accións para potenciar o emprego han de evitar o ser xeneralistas incidindo

nos colectivos máis afectados polo problema e primando as empresas realmente innovadoras para fortalecer así o tecido empresarial galego.

5.- En canto a creación de empresas é necesario eliminar as trabas burocráticas que dificultan a súa creación.

6.- A coordinación de tódolos instrumentos de incentivación esixe a ventanilla única.

7.- Deberánse cuidar os aspectos territoriais, primando aquelas zonas especialmente desfavorecidas.

8.- Potenciaranse a formación nas habilidades empresariais en tódolos niveis educativos.



## 2.7.- Emprego xuvenil

**U**n dos principais problemas do mercado de traballo europeo ven constituído polas elevadas taxas de paro xuvenil, colectivo con grandes dificultades para a incorporación ó mercado de traballo, e que presenta unha taxa de paro que duplica á dos adultos. Convértese por elo nun dos puntos centrais a abordar en tódalas reflexións que sobre o emprego se producen en calquer foro. Os últimos Consellos europeos tomaron como liña de traballo o seguimento daquelas políticas de emprego que se revelaron como especialmente útiles nos distintos países, para contar con exemplos de probada eficacia, dos que extraer unha fórmula de aplicación válida para o resto de estados membros.

Aparentemente unha das causas principais na base deste problema parece erradicar no baixo nivel de cualificación dos xoves, ou falta de adaptación das mesmas ás demandas do mercado. En varios países comunitarios como Dinamarca, Luxemburgo ou Holanda, por citar tres modelos exemplificantes, adoptáronse medidas de integración dos xoves a novos empregos, a través de traballos temporais ou contratos de formación, apostando en ocasións por actividades pouco explotadas, como traballos de interese público ou que respondan a necesidades colectivas non cubertas.

Parece claro que unha maior adaptación da formación da mocidade ás necesidades do mercado é

indispensable para a potenciación do emprego xuvenil. Irlanda, Portugal ou España parecen apostar por medidas integradas que combinen educación e formación cunha axuda para o acceso ó primeiro emprego. En calquer caso, dentro destes países as medidas difiren segundo as súas necesidades. Así, en Irlanda, as políticas de formación para xoves que deixan a escola prematuramente se constitúen como un obxectivo prioritario, e en países como Portugal ou Grecia, onde o paro entre os titulados superiores vai en aumento, faise moito fincapé nas políticas de inserción no mercado laboral.

Para potenciar unha maior entrada da xuventude no mercado de traballo existen tamén políticas orientadas a incrementa-la demanda, en base a unha redución dos custos salariais. As reducións nas cotizacións á seguridade social para certos grupos obxectivo é unha medida tomada por varios dos estados membros para estimula-la contratación de xoves. En Francia existe un programa para o desenvolvemento de novas actividades en sectores sociais e medio-ambientais, dirixido ás autoridades locais, que financia os gastos de funcionamento dos distintos proxectos. Máis adiante espera encamiñarse ás empresas co obxectivo de crear postos de duración indefinida.

Un elemento importante a ter en conta á hora de contar con profesionais capacitados e eficaces

ven dado pola adaptación destes ós cambios no entorno e á modernización dos sistemas de traballo. Algúns estados están poñendo en práctica programas de aprendizaxe continua, que inclúen a incorporación de xoves para cubri-las baixas temporais de asalariados por asistencia a cursos de reciclaxe, ca idea de ter unha toma de contacto con novos asalariados potenciais e lles proporcionar tamén a estes unha formación práctica.

A situación laboral da mocidade en Europa varía segundo os países. Alemaña, Austria e Luxemburgo teñen unha baixas taxas de paro, unha estreita relación entre a formación e a experiencia profesional e recorren escasamente ó emprego a tempo parcial. Dinamarca, Suecia, o Reino Unido e Holanda presentan unha situación similar, aínda que gracias á posibilidade de traballos a tempo parcial asociados á consecución dos estudos. En Francia, Bélxica, Portugal e Irlanda as taxas de paro xuvenil son superiores ás dos adultos, dándose unha tendencia ó paro de longa duración. Grecia, Italia e España, presentan unhas elevadas taxas de paro, normalmente de longa duración, e recorren escasamente ó traballo a tempo parcial.

En Galicia, obsérvase tamén que a grave situación xeral do mercado de traballo afecta especialmente ó colectivo máis xove, xa que se enfrenta a un mercado saturado, incapaz de crear unha oferta suficiente que lles permita o acceso a un emprego. Sorprende a reducida taxa de actividade que se observa entre os menores de 25 anos, debido a unha maior prolongación dos estudos ante a imposibilidade de se facer cun posto de traballo (non esquezamos o feito de que o 20% da poboación inactiva en Galicia está constituído por estudantes). Tan só un 10% da poboación ocupada ten idades inferiores ós 25 anos, e as taxas de paro exceden en calquer caso o 35%, sendo para os menores de 20 superiores ó 40% da poboación activa.

Se analizasemo-la poboación galega pola súa actividade económica, en base ós datos da EPA, veriamos que un cuarto da poboación parada está á busca do seu primeiro emprego. No último trimestre do 1996 a súa cifra ascendía a máis de 57.000 persoas, aínda que este número se ten

reducido ó longo do primeiro semestre do 1997. Máis do 50% dos demandantes do seu primeiro emprego foron xoves de idades inferiores ós 25 anos. O 60% destes eran mulleres, e aínda que no intervalo 16-19 as cifras son similares ás dos homes, no rango entre os 19 e 25 a cifra de mulleres se incrementaba, o que parece reflectir unhas maiores dificultades destas para acceder a un emprego.

A taxa de actividade para as mulleres é, en xeral, inferior á dos homes e ocorre o mesmo no caso dos menores de 25 anos, situándose máis de 10 puntos porcentuais por baixo. Esta diferenza pódese explicar por cuestións educacionais e de división do traballo para aqueles grupos de idades máis avanzadas, pero no esquema da sociedade actual os datos parecen reflectir a existencia todavía dun problema de discriminación contra este colectivo. Os datos de poboación ocupada veñen reflectir unha situación similar, ocupando as mulleres tan só o 30% e o 37% dos traballos, para os intervalos de idades entre 16-19 e 20-24 respectivamente.

En canto ós sectores económicos, son os servicios, a industria e a construción os que por esta orde proporcionan un maior número de empregos ós xoves. A distribución por sexos resulta ben diferente en función dos sectores. A construción é unha actividade case exclusivamente masculina que non recolle cifras significativas de mulleres. No sector servicios obsérvase un maior número de ocupados mulleres que homes, aínda que as proporcións están moi próximas. Na industria sen embargo volve ser maioritario o emprego masculino. Na actividade agrícola, da que tan só un 4,5% dos ocupados son menores de 25 anos, tamén é maioritaria a participación masculina.

Temos pois unha poboación xove loitando por unha oportunidade para insertarse nun mercado de traballo adverso, á espera de medidas por parte da administración que axuden a paliar-lo problema, adscrivíndose a contratos de formación e axudas que lle permitan ir adquirindo coñecementos e formación práctica para incrementa-las súas posibilidades de acceder a un novo posto de traballo. Os dous mecanismos existentes en Galicia de axuda

na búsqueda de emprego, o INEM e o Servicio Galego de Colocación (de recente creación), tal e como están deseñados non parecen ser unha solución para os problemas existentes neste colectivo.

As novas medidas tendentes a unha flexibilización do mercado como motor da creación de empregos, vía contratos de formación, temporais ou de primeiro emprego, para alcanzar mellores resultados precisarían dunha maior adaptación da realidade formativa á realidade laboral. As solucións pasan previamente por unha correcta utilización das medidas a fomentar.

## RECOMENDACIÓNS

Para tentar corrixir un dos principais problemas económicos e sociais de Galicia como é o desemprego xuvenil propóñense as seguintes recomendacións:

1.- Potenciar a orientación dos xoves de cara a súa entrada no mercado de traballo, sobre todo nos primeiros anos da súa vida académica y en relación estreita coas organizacións empresariais e sindicais.

2.- Manter as políticas de becas deseñadas polo Igape. Valórase positivamente a iniciativa plasmada no programa Lanza destinado a xoves emprendedores.

3.- Coordinar tódalas liñas de axudas dirixidas a creación de emprego neste colectivo.

4.- Decidido apoio da Administración ó desenvolvemento dos contratos formativos.

5.- Utilización da figura do contrato de substitución por xubilación anticipada, hoxendía case en desuso.

6.- Elaboración de programas de tutorización e adquisición de habilidades empresariais nas empresas de nova creación, de forma que se dote ós emprendedores das habilidades necesarias e da asistencia técnica precisa para a posta en funcionamento de proxectos empresariais.

7.- Apoiar a dotación de infraestructuras, solo industrial, viveiros de empresas, nas empresas de xoves emprendedores en condicións vantaxosas.



## 2.8.- Emprego rural

O sector agrogandeiro galego atópase nunha encrucillada tal que o seu futuro depende da capacidade de respostas que nos próximos anos lle de ós seus graves problemas estruturais. O envellecemento da poboación, o despoboamento, o nivel de formación, a diversificación da produción, son elementos claves neste cambio estrutural para o que haberá de tomar en consideración os escenarios de revisión da PAC.

Na análise efectuada sobre o mercado de traballo e no escenario plantexado no apartado de proxeccións, apreciábase as características dos activos e ocupados existente no sector agrícola-gandeiro-forestal. Coméntábanse alí dúas cuestións: a) o 41,3 % dos ocupados agrario tiñan 55 ou máis anos a finais de 1996 e b) a taxa de paro estimado en 1996 do 2,8 % non recollía unha situación real ante o subemprego existente no mesmo. Convén recordar que o sector agrario contaba con 415.000 ocupados en 1985 e as nosas previsións nos levan a que alcance a cifra de 143.000 traballadores entre 16 e 64 anos o inicio do ano 2002.

Por outra banda, as zonas rurais son as que presentan as pirámides de poboación máis avellentadas. Esta estrutura poboacional non parece que cambie no curto prazo polo que compre agardar un crecemento vexetativo negativo e un incre-

mento do envellecemento. A tendencia dificilmente parable é a de que a poboación galega se concentre na fachada atlántica e nos centros urbanos de tamaño pequeno ou medio.

En canto a renda agraria nos últimos anos constatouse un incremento leve da variable renda por ocupado sobre a media española e a comunitaria. A pesar de este aumento os índices están a uns niveis moi baixos xa que en 1994 representaba tan só o 30,4 % da media española. Por outro lado, a renda por ocupado incrementábase máis polo descenso na ocupación que por unha maior produción. Neste último aspecto compre indicar o alto grao de mecanización adquirido polo sector agrícola.

Sobre a produción a especialización segue a darse na gandería aínda que nos últimos anos apréciase unha perda porcentual da mesma en beneficio do subsector agrícola e forestal.

As posibilidades agropecuarias galegas son interesante aínda que outro obstáculo é a especialización nas mesmas actividades nas que está especializada a agricultura centroeuropea. Este feito dificulta sen dúbida a súa expansión. Para o seu desenvolvemento precisa que se artelle con urxencia un plano estruturado de actuacións co que se mellore as explotacións de gando de bovi-

no existente de tal forma que a cadea completa de valor se realice en Galicia. Cómpre potenciar un grupo lácteo galego coa dimensión necesaria para competir coas grandes multinacionais europeas. O transformación e comercialización no sector cárnico, sector ó que nos referiamos anteriormente, ten que seguir un camiño similar o lácteo consolidándose a boa imaxe que Galicia ten na actualidade.

As accións non deben rematar na gandería. Precísase dunha diversificación das actividades agropecuarias potenciando a vez as actividades complementarias no medio rural (turismo, artesanía, industria, etc.). Asemade non só compre deterse na produción actual senón terán que atoparse novos produtos que consoliden a posición de Galicia. As accións teñen que estar integradas e coordinadas polo que non debe perderse de vista a execución do Plano Forestal, sector no que tamén debe pechar Galicia o seu ciclo productivo.

En canto a cuantía de fondos, na actualidade coas axudas comunitarias están a desenvolver varios programas cos que se tenta a reestructuración do sector. Ademais dos fondos provenientes do Feoga-Garantía, os recursos comunitarios con obxectivo de nivelar e adaptar as estruturas agrarias se obteñen do Feoga-Orientación e de certas Iniciativas Comunitarias vencelladas o desenvolvemento rural. Nestes intres está vixente o programa operativo "Agricultura e desenvolvemento rural de Galicia, 1994-1999", aprobado a finais de 1994. Conta con catro subprogramas (concentración parcelaria; loita contra os incendios; reconversión e mellora da calidade; e desenvolvemento e diversificación económica no medio rural). Destes deterémonos no último, denominado Proder, que pretende a xeración de rendas en actividades extra agrarias e unha mellor acomodación do aparello productivo o mercado. O límite máximo de investimento que lle asigna a Galicia é de 7.600 millóns de pesetas e os proxectos presentados por Concellos, sociedades e asociacións de desenvolvemento comarcal, se espallen por un gran número de municipios rurais galegos.

En trece zonas territoriais galegas estanse a executar a iniciativa comunitaria Leader II coa que Galicia recibirá 43,8 millóns de ecus para

fomentar as actividades innovadoras realizadas polos axentes locais co fin de crear ou conservar un entramado socioeconómico diversificado no medio rural para corrixir os desequilibrios entre zonas urbanas-zonas rurais e entre estas e outras rexións máis avanzadas.

## RECOMENDACIÓNS

Os recomendación que se efectúan para mellorar a situación do sector primario e a creación de emprego no rural son as seguintes:

- 1.- Fixa-la creación de empregos no rural, elaboración dun plan para o rural con creación de emprego estable fóra do sector agrario. Elaboración de plans comarcais para a ocupación no rural.
- 2.- Poñe-los medios necesarios para que en Galicia se pechen os ciclos productivos.
- 3.- Incentivar a creación de estruturas de comercialización conxunta dos produtos agropecuarios, así como a investimento nos procesos de transformación dos mesmos.
- 4.- Potenciación do Plano Forestal avanzando a liña de completa-lo ciclo da madeira,
- 5.- Incidir nos cursos de formación en actividades que supoñan a introducción en Galicia de novos cultivos ou de novas técnicas de cultivo.
- 6.- Aproveitamento dos programas e iniciativas pilotos propostos pola UE.

## 2.9.- Formación

a globalización na economía, que supón unha maior competencia nos mercados, cambios na organización do traballo e unha aceleración tecnolóxica, converte á dotación en capital humano na máis importante das vantaxes competitivas. Certamente, a diferenza fundamental entre os diferentes países é o nivel de formación e cualificación dos seus traballadores.

Na actualidade existe un recoñecemento unánime sobre a relevancia da educación como un dos principais factores, senón o principal, de desenvolvemento económico. Dende hai séculos venise incidindo no feito de que os investimentos en educación conlevan este maior desenvolvemento que non só se xera polo maior grao de especialización da man de obra senón tamén por poder facilitar unha difusión das novas técnicas de produción e conseguir uns maiores rendementos ós investimentos realizados polos sectores público e privado.

A Unión Europea, no Informe da Comisión no documento conxunto sobre o emprego que se presenta no Cumio de Luxemburgo, suñía como preocupacións comúns dos Estados membros, neste punto, o seguinte:

1) Mellora-las disposición na materia de formación para os xoves e durante a vida activa dos traballadores.

2) Establecer unha mellor conexión entre a educación, a formación e a obtención dun emprego.

3) Mellora-los sistemas para adaptalos as evolucións estruturais.

Nos últimos anos estanse a producir cambios significativos no deseño da oferta educativa regulada española. Adoptouse un novo modelo de formación profesional dirixido ós xoves entre 16 a 18 anos con fin de darlle a mesma un maior protagonismo e mellorar significativamente a súa imaxe. Ademais, este modelo ten que perfeccionarse con unha mellor adecuación entre a oferta formativa e a demanda de cualificacións que reclama o sistema productivo. Non obstante, aínda hai moito que mellorar para eliminar as friccións existentes entre as ofertas existentes nos centros, as súas posibilidades reais e as necesidades das empresas. Dende esta perspectiva haberá que observar como evoluciona o novo Programa Nacional de Formación Profesional, que se anuncia como unha renovación profunda no sistema educativo en xeral e o da formación profesional en particular.

No ámbito da formación regulada, existen prácticas que parecen exitosas noutros países comunitarios, como o sistema de formación en alternancia alemán, que normalmente se asocia como un dos factores principais que explica a baixa taxa de

desemprego xuvenil. Dous tercios dos estudantes que rematan a escolaridade obrigatoria en Alemaña inscríbense no sistema en alternancia. A súa base xurídica é un contrato entre o aprendiz e a empresa e a remuneración do mesmo fíxase mediante convenio colectivo. O custo de formación das empresas sopórtano os empresarios mentres que a formación nos centros escolares é financiada polo Estado. Cómpre, sen embargo, advertir que a actual organización máis flexible do traballo vai en contra deste sistema e, de feito, as empresas son cada vez máis reacias a mante-lo ante os custos que supón.

En canto a formación ocupacional, como se sabe, a Xunta de Galicia ten transferida a súa xestión dende o 1 de xaneiro de 1993. As actuacións concéntrase no Plano de Formación e Inserción Profesional (plano FIP), no que participaron, en 1996, 19.680 alumnos en 1.312 cursos impartidos por 241 entidades. Estas entidades son: axentes sociais, entidades locais, institucións sen ánimo de lucro, outras Administracións Públicas, centros privados e incluso a propia Administración Autonómica.

O Plano FIP ten na actualidade varias trabas que dificultan a súa eficacia. A primeira son as trabas burocráticas, froito da homologación dos cursos por familias profesionais e non por especialidade. En segundo lugar, non parece idónea a relación existente entre as empresas e a formación impartida. En terceiro lugar parece escaso o protagonismo dos axentes sociais no deseño, execución e xestión dos programas formativos. En cuarto lugar, non se dispón dun observatorio ocupacional que permita adaptar a oferta formativa ós cambios ocupacionais. Por último, non se analiza sistematicamente o mercado de traballo galego para coñecer as súas tendencias e o perfil dos desempregados.

Ademais do Plano FIP, a formación ocupacional complétase cunha serie de cursos cofinanciados nun 75 % polo Fondo Social Europeo (FSE), con esixencias organizativas diferentes. Estes cursos plantéxanse ante a necesidade de atender ós obxectivos 3 e 4, sendo o primeiro a loita contra o desemprego de longa duración e mellora das pers-

pectivas de emprego dos xoves, poñendo especial énfase en facilita-la inserción das persoas expostas á exclusión do mercado laboral, e o obxectivo 4 consiste en facilita-la adaptación dos traballos ás mutacións industriais e a evolución dos sistemas de produción. En 1996 realizáronse en Galicia 629 cursos que atenderon a 9.435 alumnos, cunha subvención total de 1.432,1 millóns de pesetas.

Estes dous Planos parecen precisar dunha relación máis estreita.

Da avaliación *ex post* dos distintos cursos que se programan e realizan nos países comunitarios, a UE obtén como principal conclusión que os programas máis eficaces, dirixidos ós parados de longa duración, son os máis especializados, xa que os programas de formación xenéricos non teñen repercusións positivas significativas sobre as expectativas de emprego dos participantes.

En definitiva, o ideal sería contar cun sistema integrado eficiente que facilite a interrelación e a complementariedade da formación ocupacional, a formación profesional regulada, o programa de formación-emprego das escolas-taller e casas de oficios e a formación continua. Elo esixe unha maior colaboración e coordinación das accións formativas entre diferentes Consellerías. A coordinación formal xa existe dende a creación polo Decreto 348/1990, de 22 de xuño, do Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais. É un órgano consultivo, de participación institucional e de asesoramento do Consello da Xunta de Galicia en materia de formación profesional regulada e ocupacional. As súas competencias son amplas e nel están representados da Administración Autonómica, de organizacións empresariais, de organizacións sindicais e un alumno. A cuestión clave é que esa coordinación formal se convirta en real.

Por último, non se ten que esquecer o papel que no desenvolvemento do mercado de traballo representa a formación continua dos traballadores ocupados, e que dende xuño do ano 1993 ten encomendada a Fundación para a Formación Continua (FORCEM), institución que ten como misión a planificación, aprobación, financiamento, apoio técni-

co e o seguimento das accións formativas. O financiamento da mesma procede dunha porcentaxe sobre a cota que o sistema da Seguridade Social recada por Formación Profesional. Aínda que a nivel galego existe unha Comisión Territorial de Formación Continua, dado a seu ámbito estatal e ante a procedencia da súa fonte de financiamento, non se farán recomendacións ou suxerencias sobre a mesma.

## RECOMENDACIÓN S

Considerando o anteriormente comentado adóitanse as seguintes recomendacións:

1.- Elaborar un mapa de formación ocupacional e formación profesional reglada con revisións anuais. Este mapa ten que estar comarcalizado e sectorializado e debe permitir un coñecemento rápido dos cambios ocupacionais.

2.- A formación ten que vencellarse ó conxunto das políticas activas de emprego que se realicen en Galicia.

3.- Se han de unificar os programas financiados con fondos estruturais procedentes do FSE cos do plan FIP.

4.- Establecer mecanismos de control idénticos para tódolos organismos comprometidos coa impartición da formación ocupacional.

5.- Onde existan zonas nas que os centros homologados sexan escasos poder recorrer subsidiariamente ás organizacións sociais.

6.- Reforzar o papel do Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais. Na actualidade carece de orzamentos e languidece entre as institucións creadas polo goberno autónomo.

7.- Debe existir unha coordinación entre os distintos tipos de formación: regulada, ocupacional e continua.

8.- Debe existir unha planificación na que participen os actores da formación.

9.- Vencelladas as Iniciativas Locais de Emprego, os programas das escolas-taller e casas de oficios deben centrarse na revalorización dos oficios artesanais e na tipificación de novas profesións vinculadas ó medio ambiente e a rehabilitación e conservación do patrimonio.

10.- Incidir na formación ocupacional.

11.- Asignarase unha maior dotación orzamentaria as Universidades, esixíndolle un compromiso en investigación e un mapa de titulacións coherente coas necesidades formativas.



## 2.10.- Intermediación

**a** estrutura actual do mercado de traballo, cada vez máis amplo e especializado, e a propia estrutura da sociedade, tendente a unha concentración crecente en grandes núcleos de poboación, fai cada vez máis difícil unha conexión rápida e eficaz entre demanda e oferta de emprego. As dificultades, por un lado, para atopar un emprego ás que se ven sometidos os traballadores, e, por outro, a masiva e heteroxénea cantidade de ofertas que reciben as empresas cando demandan un novo empregado, fai patente a necesidade de novos medios de colocación, que acerquen ós traballadores ós postos dispoñibles, e sirvan de filtro ás empresas á hora de realizar un proceso de selección. A eliminación destas friccións e o abreviar o período de búsqueda de emprego redunda no bo comportamento do mercado de traballo e reduce a taxa de desemprego.

A recente posta en marcha do Servicio Galego de Colocación ven ser unha resposta da Administración Autonómica a esta necesidade patente de compaxina-la oferta e a demanda de postos de traballo. Este organismo naceu ca finalidade de complementar e en certa forma evita-las deficiencias que neste ámbito presentaba o servizo prestado polo Inem. O principal problema deste último organismo e que se atopaba cunha total falta de adecuación das ofertas ás demandas, ademais dun sistema de traballo inadecuado e pouco

operativo. O Servicio Galego de Colocación pretende unha mellor adaptación entre ofertas e demandas por medio dun sistema informático que realiza automática e periodicamente un cruce entre as ofertas de emprego que reciben e a súa base de datos de demandantes. A tipificación exhaustiva da formación, capacidades e tipo de emprego demandado, por un lado, e do perfil requerido para o posto de traballo, polo outro, limita bastante as posibilidades para aqueles demandantes cunha formación pouco específica.

A transferencia das competencias en materia de intermediación do Inem ó futuro Servicio Público Galego de Emprego permitirá dispor dun organismo público de intermediación único dependente exclusivamente do goberno autonómico. Para que no futuro o servizo sexa máis fluído e dea resposta a unha realidade territorial concreta, parece adecuado potenciar unha maior comarcalización no ámbito de alcance destas oficinas, de xeito que o cruce entre demandas e ofertas se faga primeiramente a un nivel espacial delimitado. Precisaríase asemade dun órgano centralizador, que coordinara ás distintas oficinas, e dera saída ás demandas que estas non puideran cubrir nos seus propios ámbitos.

Dáda-las patentes deficiencias do sistema oficial ou a súa incapacidade para cubri-la xestión

dentro deste mercado, aparecen e proliferan as empresas de traballo temporal (ETT), reguladas pola Lei 14/1994, de 1 de xuño, que desempeñan labores de intermediación entre empresarios e traballadores, no ámbito dos traballos eventuais.

As estratexias das ETT en España suscitaron unha grande controversia entre os interlocutores sociais. Os sindicatos son moi críticos con este tipo de empresas, xa que estiman que contribúen a precariza-lo emprego empeorando as condicións laborais e salariais dos traballadores e moitas das prácticas actuais vulneran a filosofía para a que foron creadas. Dende o punto de vista empresarial, estas empresas vense como unha solución ós problemas de contratación estacional, facilita a búsqueda de emprego e axiliza o mercado de traballo.

A realidade é que as ETT se teñen incrementado considerablemente nos últimos anos, e así para 1996 se deu un incremento do número de contratos que triplicou as cifras alcanzadas o ano anterior. Un dato significativo é o de que máis do 20% dos contratos que se realizaron durante o ano 1996 foron de duración inferior ós cinco días. Pontevedra, seguida de A Coruña, foron as provincias onde este tipo de contratación foi máis numerosa; Lugo e Ourense seguíronlle, por esa orde, en importancia. O sector servizos e a industria foron os que supuxeron a maioría destes contratos, seguidos da construción e, en moita menor medida, a agricultura.

A par coas ETT funcionan as axencias privadas de contratación que, de forma similar ós servizos da Administración, poñen en contacto a demandantes e oferentes de emprego que teñan necesidades compatibles. Na actualidade estas axencias só poden actuar sen fins de lucro e a súa difusión redúcese, na maioría dos casos, a ámbitos locais restrinxidos e a colectivos especiais .

## RECOMENDACIÓNS

As transferencias do Inem en materia de intermediación a Administración Autonómica teñen que supor un punto de inflexión no papel que viña desempeñando esta institución, polo que aconséllase a adopción das seguintes accións:

1.- O Servicio de Empleo Público Galego non debe adoptar a estrutura do INEM, senón ten que adaptarse a realidade do país (comarcalización...)

2.- As organizacións empresariais e sindicais deben desempeñar no anterior órgano un papele destacado, xa que este servizo se dirixe cara os traballadores e empresarios.

3.- Redefinir a actuación do actual Servicio Galego de Colocación.

4.- A este servizo hai que esixirlle unha maior celeridade en resposta as peticións empresariais e ten que coñecer correctamente as cualificacións dos oferentes e as peticións dos demandantes.

## 2.11.- Organización do traballo

O problema do emprego, que afecta a toda Europa, constitúese nun problema complexo que, como tal, non se resolve grazas a unha única e determinada forma de actuar, senón que pasa pola adopción de diferentes medidas, que se interrelacionan entre si. A efectividade teórica destas medidas depende dunhas condicións que non sempre se dan na realidade, e por eso resulta difícil xulgar a priori a bondade ou conveniencia de certas accións. A redución da xornada laboral é unha medida que se plantexa actualmente en Europa como unha posible solución parcial ó problema do desemprego.

Dende un punto de vista histórico, obsérvase que nos últimos 150 anos se veu dando unha constante e progresiva redución da xornada de traballo, e asemade un importante incremento da produtividade. Este incremento da produtividade foi maior que o dos ingresos por traballo, o que posibilitou a redución da xornada de traballo e o incremento dos salarios reais. En certa medida foi a redución da xornada de traballo a que forzou unha reorganización máis efectiva dos sistemas de produción.

O enfoque que avoga por unha redución do tempo de traballo como posible vía de creación de emprego leva implícito un replantexamento da estrutura organizativa da produción e da cultura

empresarial. A redución da xornada por traballador non implica unha minoración das horas de produción dentro da empresa que a adopta, senón que leva simplemente a unha reestructuración das quendas de traballo. Incluso esta reestructuración levada de certo xeito pode chegar a un incremento total das horas traballadas para o conxunto dunha empresa concreta. Isto poderíase traducir nunha creación neta de empregos e nunha utilización máis intensiva do factor capital, co que se incrementaría a produtividade.

O problema a evitar neste caso sería que unha redución no número de horas de traballo se traducira nunha redución do número de horas de utilización do factor capital, xa que eso produciría un incremento de custos unitarios. Un problema importante que pode xurdir dunha inadecuada posta en marcha dunha redución de xornada ven dado polo previsible incremento de horas extras.

Existen unha serie de condicións necesarias para que a redución da xornada leve á creación de emprego. Dun lado, precísase dunha maior flexibilización do traballo, de xeito que a empresa adapte mellor ás horas de actividade en función da demanda. A adaptación das cotas da Seguridade Social, en función das horas traballadas, e unha compensación pactada entre a empresa e os traballadores, tamén son pasos necesarios para aca-

dar unha transformación que leve a resultados satisfactorios para as partes implicadas.

O aspecto da formación revélase tamén como importante para asegurar en todo momento a adaptación ó posto e a capacitación necesaria dos traballadores, ó aumenta-la rotación destes dentro dun posto. De non ser así, sería máis rendible a utilización de horas extras, dada a escasez de man de obra adaptada ó posto, co cal non se acadaría o obxectivo de fomenta-lo emprego. Uns tempos de traballo menores tamén facilitan a dispoñibilidade para un adestramento continuado dentro das tarefas concretas, ó longo da vida do traballador.

A posición actual do Goberno de España céntrase en tentar reducir a realización de horas extraordinarias. O máis notorio na cuestión da redución de xornada e a posición da Consellería de Economía e Traballo do Goberno Vasco, que avoga, vía pacto entre empresarios e sindicatos, pola diminución da xornada de traballo acompañada da moderación salarial. Segundo as previsións do Goberno Vasco, unha redución nun 10% da xornada laboral crearía ó redor de 59.000 postos de traballo e reduciría en 12 puntos a taxa de desemprego no ano 2002. Lembremos que o obxectivo proposto noutro apartado deste documento consistía na redución en 7,6 puntos da taxa de desemprego galego, no escenario menos ambicioso, e en 11,6 puntos no escenario máis desexable.

Non obstante, as reflexións, tanto a favor como en contra da redución da xornada laboral son numerosas, e dende un punto de vista teórico non poden subministrarse explicacións rotundas sobre as implicacións no emprego. Algúns exemplos illados parecen mostrar que se poden conseguir melloras na produtividade con reducións no tempo de traballo.

## RECOMENDACIÓNS

Sobre o complexo tema do tempo de traballo as recomendacións diríxense cara ás seguintes cuestións:

1.- Considérase necesario estudar tódolo relacionado coa xestión do tempo de traballo, a redis-


tribución e duración da xornada, que contribúa a unha mellor evolución do emprego e do funcionamento das empresas.

2.- A Administración Autonómica deberá apoiar e incentivar aquelas medidas de redución da xornada e das horas extraordinarias, que, no exercicio da autonomía colectiva, podan abordarse nos convenios colectivos.

3.- Neste contexto de redución de horas extraordinarias e do tempo de traballo, fomentaráse o emprego estable.

## 2.12.- Autoemprego e economía social

### AUTOEMPREGO

 O traballo autónomo preséntase como outro dos eixes básicos para o fomento do emprego en Galicia.

A descentralización dos procesos productivos, provocada por decisións estratéxicas empresariais conducentes a evitar a integración vertical, conlevan a que no interior da empresa se realicen exclusivamente as actividades que conforman o seu núcleo, deixando que as actividades complementarias se realicen en organizacións altamente especializadas externas, sendo polo xeral unidades productivas de pequena dimensión. Esta nova forma de organización industrial consolídase gracias ós cambios tecnolóxicos que veñen a permitir unha separabilidade nos procesos de produción.

Por outra banda, a actual división do traballo e o logro de vantaxes competitivas no mercado dos produtos cunha demanda moi inestable incentiva a que as empresas tenten reducir os seus cadros de persoal fabricando unha parte importante do seu produto ou dos seus *inputs* no exterior.

Estas razóns explican que a potenciación do traballo autónomo, xunto ás cooperativas e sociedades laborais, estese a converter non só nunha forma alternativa de crear emprego ante as actuais

dificultades do mercado de traballo, senón que con ela favorécese unha resposta válida dunha organización industrial eficiente, na que unha parte importante da produción se realiza por persoas altamente cualificadas e sen relación laboral coa empresa demandante. Nesta forma de produción desempeñan un papel significativo os servizos especializados ás empresas.

Os traballos de campo efectuados entre as medianas empresas galegas inciden nas dificultades competitivas das mesmas debido a que a produción que se externaliza noutros territorios, en Galicia hase de realizar ou no interior das propias empresas ou acudindo ás comunidades máis ricas do Estado e, incluso, dirixíndose ó estranxeiro. Sen embargo, isto xa non está a suceder en tódolos sectores.

Este tipo de autoemprego debe ser potenciado pola Administración Autonómica, xa que con elo esta favorecendo ó mercado de traballo no seu conxunto. Tampouco debe renunciar ó apoio do traballador autónomo de baixa cualificación que, ó non atopar unha solución como traballador por conta allea, busca sobrevivir, xeralmente no sector de servizos e en actividades tradicionais. Non obstante, neste último caso non cabe agardar efectos multiplicadores sobre o conxunto da economía.

O Plan de Emprego da Administración Central otórgalle unha grande importancia ás accións dedicadas ó fomento do autoemprego, sendo a medida máis importante a consideración de que se podan capitalizar as prestacións por desemprego acompañada doutras subvencións máis tradicionais.

A Consellería de Familia, Muller e Xuventude dedicou ó fomento do autoemprego 341,4 millóns de pesetas en 1995, elevándose esta cifra a 529,2 millóns en 1996.

## ECONOMÍA SOCIAL

O termo de **economía social** comprende tódalas iniciativas empresariais por parte de traballadores de constituírse en cooperativas, en sociedades anónimas laborais, o autoemprego como traballadores autónomos e a creación de centros de traballo especial para minusválidos. Son proxectos empresariais baseados na solidariedade e no servizo ós socios.

En España, a porcentaxe de poboación ocupada que no ano 1996 estaba empregada na economía social é do 2,13%, mentres que en Galicia representa tan só o 0,94%. Non obstante, hai que destacar que a porcentaxe de poboación ocupada en cooperativas respecto do total da economía social é algo superior en Galicia (83,6%) que en España (80,2%).

### Poboación ocupada en economía social (%)

	España	Galicia
Agricultura	1,95	0,31
Industria	3,74	2,59
Construcción	1,74	0,52
Servicios	1,69	0,80

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social

Galicia posúe, a finais do 96, 695 sociedades cooperativas con 6.979 traballadores, dos cales 863 son autónomos. As sociedades cooperativas galegas representan no Estado o 3,4% e o número de socios representa o 3,25% do total estatal.

Na economía social sobresaen en importancia o sector agrario, aínda que tamén destacan a construción, a hostelería e o comercio. Na actividade de agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca temos 674 traballadores en cooperativas. Na construción temos 319 traballadores. No que se refire ó comercio e ó sector hosteleiro temos 1.574 traballadores que pertencen a cooperativas. Fai falla unha maior presenza deste tipo de economía no sector industrial, xa que, tendo oportunidades, o proceso de creación de cooperativas non está desenvolvido.

No ano 1996 inscribíronse 81 novas cooperativas, con 565 socios. Representa o 2,87% do total das constituídas en España, cifra relativamente baixa a tenor doutras variables económicas ou sociais. A principal dificultade observada é que actual normativa sobre cooperativas non se axusta á estrutura empresarial e laboral existente na comunidade autónoma, sendo un factor moi limitativo a esixencia sobre un número mínimo de socios.

En canto ás **sociedades anónimas laborais** (Sales), existían 161 a finais de 1996 en Galicia, con 1.393 socios, o que representaba o 3,03% do total das sales de España. Obsérvase como as porcentaxes son similares ás das cooperativas. Estas sociedades constitúense principalmente no sector do comercio e hostelería, o cal conta con 91 sociedades deste tipo e con 419 traballadores. Séguelle o sector da construción. No ano 1996 creáronse 29 novas sales. Ó igual que sucedía nas cooperativas, esta modalidade, ademais de estar infrautilizada en Galicia en relación co resto do Estado, só se utiliza en sectores moi concretos. Unha dificultade adicional pode ser a esixencia de ser sociedade anónima, xa que as sociedades limitadas laborais non disfrutaban dos beneficios e vantaxes das sales, circunstancia que habería que reconsiderar.

**Cooperativas inscritas en Galicia en 1996**

Clase	Nº cooperativas	Nº socios
Traballo asociado	58	363
Consumidores e usuarios	1	12
Vivendas	9	67
Agrarias	7	70
Explotación común da terra	1	5
Servicios	1	11
Mar	1	18
Transportistas	2	16
<b>Total</b>	<b>81</b>	<b>565</b>

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

As actuacións en economía social deseñadas pola Xunta de Galicia están espalladas en varias unidades administrativas. A Consellería de Familia, Muller e Xuventude establece axudas ás actividades que están destinadas á asistencia técnica para a creación, mantemento e renovación das cooperativas e sociedades anónimas laborais. Subvenciona os intereses dos créditos solicitados para estas empresas que compren unhas condicións determinadas. Esta Consellería contou en 1995 cun presuposto do 205 millóns de pesetas, diminuindo no ano 1996 a 177 millóns.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais tamén presta axudas no referente á formación e á promoción da economía social, cun orzamento non moi elevado.

## RECOMENDACIÓN S

1.- Para o bo funcionamento da denominada economía social debería concentrarse nun único órgano tódalas políticas dirixidas cara a esta finalidade. Os axentes sociais deberían actuar como asesores deste organismo centralizador.

2.- Ese órgano que centralice as actuacións debería mellorar certas ineficiencias detectadas no actual sistema de incentivación, como por exemplo cubrir o vacío dos meses de outubro a decembro no programa de creación de empresas da Consellería de Familia, lograr das unidades administrativas e de xestión da Xunta o pago anticipado das axudas para o comezo da actividade, ou rebaixar os topes mínimos de investimento

introducidos polo Igape para a creación de empresas.

3.- Iniciada esta nova lexislatura, unha das súas primeiras tarefas tería que consistir en retomar a elaboración da Lei de Cooperativas de Galicia, atendendo o dictame que sobre o anteproxecto de lei emitiu o Consello Económico e Social de Galicia.

4.- Teríase que incluír no concepto de autoemprego ás sociedades limitadas de socio único de nova creación cunha limitación no número de traballadores asalariados e un estudo de incompatibilidades nas axudas. Tamén, deberían removerse os obstáculos que impiden o acceso das sociedades limitadas laborais ós beneficios e vantaxes que disfrutaban as sales.

5.- As entidades que xestionan os instrumentos de incentivación horizontal (Sodiga, Igape, etc.) deberan prestarlle unha especial atención o autoemprego e a economía social.

6.- Cumpría implicar en maior medida as entidades financeiras no apoio a economía social e o autoemprego.

7.- Utilización das formas de economías social para facer emerxer a economía sumerxida.



## 2.13.- Políticas positivas polo emprego. Colectivos especiais

**n**este apartado trátanse as actuacións especiais sobre o colectivo feminino, os parados de longa duración e os minusválidos. As accións directas que discriminan positivamente a este colectivo son estudias noutro punto. Por outra banda, outros colectivos como xoves e traballadores agrarios tamén se tratan noutro apartado.

### MULLERES

O colectivo feminino constitúe un grupo con dificultades importantes á hora de acceder ó mercado de traballo. Nos últimos tempos a incorporación da muller a dito mercado non foi acompañada dun aumento no número de empregos, co cal aumentou de forma significativa a cifra de paro neste colectivo.

Cos últimos datos dispoñibles da EPA, correspondentes ó segundo trimestre do ano 97, podemos observar que a poboación activa feminina sitúase para Galicia en 465.600 mulleres, cun aumento de 3.000 activas máis que no mesmo período do ano anterior, no que supón un 41,87% sobre o total de poboación activa.

A taxa de actividade feminina obsérvase que ven evoluíndo á baixa dun xeito menos importante que no sexo masculino, e sitúase no segundo tri-

mestre do 97 no 38,7%, a case vinte puntos da taxa masculina. A taxa de actividade feminina é superior á media estatal pola importancia en Galicia da muller no sector primario.

A poboación ocupada feminina en Galicia representa o 38,9% sobre o total, que corresponde a 350.400 mulleres, das cales 97.400 traballan no sector agrícola, 38.000 no sector industrial e no que máis importancia ten a muller é no sector servizos, con 208.400 ocupadas, debido ó proceso de desenvolvemento do sector terciario na economía nos últimos anos.

A maioría das mulleres ocupadas traballan por conta allea, ascendendo a cifra a 192.400, seguíndolle logo en importancia as mulleres que son empresariais sen asalariados, coa cifra de 98.400, e as ocupadas como perceptoras de axudas familiares ascenden a 48.100. As dúas últimas modalidades veñen reducindo a súa importancia na poboación ocupada feminina mentres que a primeira modalidade de asalariadas está a aumentar.

A poboación parada feminina é do 24,7% e o colectivo por idades máis desfavorecido é o máis xove, xa que entre as de 16 a 19 anos a porcentaxe de mulleres paradas é do 49,2% e no de 20 a 24 anos é do 46,55%.

Convén destacar que en Galicia as mulleres no ano 96 foron contratadas nun 98% de forma temporal e que os salarios que reciben, con contratos tanto temporais como indefinidos, son inferiores ós dos homes no mesmo posto de traballo.

As medidas que ten disposta a Consellería de Familia, Muller e Xuventude para este colectivo son as seguintes:

- Cursos de Formación Ocupacional para mulleres coa cofinanciación do FSE, dos que se viron beneficiadas máis de 990 mulleres no ano 96. Os cursos que se realizaron en maior número son os de Promoción e Formación Turística, o de Xestión de Pemes, Cooperativas e Xestión agrícola e o de Auxiliar de Enfermería, Pediatría, Xeriatría, Axuda a domicilio.

- O proxecto Comunitario NOW (novas oportunidades para as mulleres), que tenta a reinserción e incorporación laboral das mulleres, e ten un claro compoñente formativo. Dentro deste programa hai outros coma o AURIA, que tenta formar ás mulleres que queren montar unha empresa, e tamén o programa ALIM, que trata de asesorar ás mulleres nos temas laborais.

- A Consellería tamén elaborou o programa de axuda á creación de empresas EMEGA, que concede axudas e subvencións para o establecemento da muller como empresaria.

### OS PARADOS DE LONGA DURACIÓN E MAIORES DE 40 ANOS

Un dos colectivos que ten bastantes problemas á hora de reincorporarse ó mercado de traballo é o grupo de traballadores que levan máis dun ano sen traballar e que se consideran parados de longa duración. En Galicia, segundo datos da EPA do segundo trimestre do 97, os parados de longa duración ascenden á cifra de 127.400 persoas, o que supón o 60,32% dos parados. Neste paro de máis dun ano destacan, de forma importante, as mulleres, que supoñen a cifra de 78.200.

A evolución deste colectivo é preocupante, xa

que co paso de tempo os traballadores desanimanse e se esforzan menos en atopar traballo. Por outra banda, os empresarios poden creer que canto máis tempo leva unha persoa desocupada perde cualificación e diminúe a súa enerxía para traballar. Isto fai que o traballador longo tempo parado sexa menos atractivo para a súa empresa xerándose así un círculo vicioso difícil de rachar, polo que fanse precisas políticas activas que troquen esta situación.

Unha parte importante dos parados de longa duración o constitúen os traballadores maiores de 40 anos. É máis, en Galicia obsérvase nos últimos anos un crecemento espectacular no número de parados maiores de 55 anos que, como xa se indicou noutra parte deste mesmo texto, parece obedecer os problemas estruturais existentes en varios sectores industriais.

### MINUSVÁLIDOS

Outro dos colectivos de difícil inserción laboral son os minusválidos. Segundo as estatísticas do INEM, os contratos indefinidos, de fomento do emprego de este colectivo alcanzaron a cifra de 236, aumentando respecto ó ano anterior en 31 contratos. O número de contratos nos centros especiais de traballo alcanzou a cifra de 71 no ano 96, reducíndose algo respecto ó ano anterior.

A Consellería de Familia, Muller e Xuventude ten un programa para a integración laboral de minusválidos que pretende estimular, mediante o financiamento, as iniciativas que xeren emprego para este grupo de traballadores. Existen axudas para os cualificados pola Xunta como Centros Especiais de Emprego e axudas ós minusválidos que se establezcan como autónomos.

Para estes colectivos de difícil inserción no mercado laboral as medidas a adoptar deben dirixirse cara a:

- un maior gasto en políticas activas, reducindo á vez o gasto en políticas pasivas.

- unha formación máis específica segundo o labor que poden desempeñar no mercado de tra-

ballo estes traballadores, como medida para a súa reinserción.

- ofrecer axudas a aqueles empresarios que contraten traballadores destes colectivos, subvencionando os gastos da súa contratación, ou devolvéndolle ó empresario as cotizacións á Seguridade Social que realice por estes traballadores.

- no referente á contratación de mulleres, hai que tentar que exista igualdade nos postos de traballo e nos salarios e axudar ó empresario no pago dos custos a maiores que se lle presentan por ter a unha muller contratada.

Os acordos do Cumio recentemente celebrado en Luxemburgo inciden sobre todo nas recomendacións sobre os colectivos de parados adultos e nos xoves. Para os primeiros, antes de que transcorran os seis meses de desemprego, ofrécese unha oportunidade en forma de emprego, formación, reciclaxe, prácticas laborais ou calquera outra acción que favoreza a súa inserción profesional.

Mentres, para os parados adultos adquirese o mesmo compromiso que para os xoves ou alome nos un seguimento individual de orientación profesional antes de que transcorran 12 meses en desemprego. O problema fundamental foi o compromiso co tempo que se precisa para alcanzar os anteriores obxectivos.

Os Estados membros, salvo aqueles que teñan un desemprego especialmente elevado, deberán proporcionar formación profesional, como mínimo, ó 20% daqueles parados. Dado o nivel de emprego español, cumprir ese obxectivo e moi difícil.

Dentro dos colectivos especiais quedaría por tratar a situación dos traballadores afectados polos procesos de reestructuración industrial, situación en Galicia herdada dos anos oitenta e todavía non resolta na comarca de Ferrol. No informe presentado pola Comisión no Cumio de Luxemburgo atópase como boas prácticas os casos de Austria e Grecia.

No primeiro dos países creáronse unhas Fundacións cuns obxectivos similares ós dos

Fondos de Promoción do Emprego, pero cuns resultados moito máis favorables. En 1995 existían 43 Fundacións y das súas avaliacións sobresaen as elevadas taxas de reinserción conseguidas. En Grecia deseñouse unha política para os traballadores afectados pola reestructuración industrial que se fundamenta na formación, os empregos subvencionados e as primas por autoemprego.

Esta actuación contrasta coas políticas pasivas levadas a cabo ata entón. Pouco se sabe sobre os seus resultados xa que aínda se comezou a aplicar na actualidade.

## RECOMENDACIÓN S

- 1.- Tentarase que en Galicia se executen os compromisos alcanzados no Cumio de Luxemburgo nos apartados dedicados ós xoves e ós parados adultos.

- 2.- Hanse de aproveitar as experiencias aplicadas noutros países sobre este problema.

- 3.- O apoio ós colectivos especiais non debe rachar o marco unitario das axudas ó desemprego.

- 4.- Tense que aproveitar a experiencia práctica dos desempregados maiores de 45 anos, tanto para a formación nos procesos educativos como para a tutorización de empresas de nova creación.

- 5.- Elaboración e execución dun Plano especial para a revitalización da comarca de Ferrol, afectada pola recesión económica.



## 2.14.- A estabilidade no emprego


O pasado día 28 de abril de 1997 firmouse por parte das organizacións empresariais CEOE e CEPYME e as centrais sindicais CC.OO. e UGT o “Acordo para a estabilidade no emprego e a negociación colectiva”, que cunha duración de catro anos, ten como principal obxectivo dotar de maior estabilidade ó emprego mediante contratacións indefinidas. Este acordo complementábase con outros dous pero no punto que nos ocupa hase de destacar o Acordo Interconfederal para a Estabilidade do Emprego, que ten como obxectivo principal a creación de emprego máis estable, a través de cinco accións: potencia-la contratación indefinida; favorece-la inserción laboral e a formación teórico - práctica dos xoves; delimita-la contratación temporal; mellora-la protección social do traballo a tempo parcial e clarifica-la extinción do contrato por causas obxectivas.

Esta reforma do mercado laboral español reduce as modalidades de contratación de 19 a 9 e ten como principal obxectivo rematar coa precariedade e a temporalidade no emprego, incrementada, en parte, polo abuso na utilización desta última. Preténdese así contribuír a mellora-la calidade do emprego, evitando a excesiva rotación dos traballadores nos postos de traballo. Con este fin, os interlocutores sociais asinantes apostaron polas modalidades de contratación seguintes:

1. **Contratación indefinida:** este tipo de contrato está destinado a facilita-la inserción no mercado laboral daqueles colectivos que teñen dificultades para encontrar un emprego e poderá ser suscrito por xoves de entre 18 e 29 anos de idade, parados que leven alomenos un ano inscritos como demandantes de emprego, maiores de 45 anos, minusválidos e traballadores con contrato de duración determinada ou temporal. A principal diferenza co contrato fixo ordinario é que a indemnización por despido improcedente será de 33 días por ano traballado, ata un máximo de 24 mensualidades, mentres que nos fixos seguirá sendo de 45 días por cada ano, cun tope de 42 mensualidades.

2. **Contratos formativos:** neste apartado inclúense o antigo contrato en prácticas e o novo contrato para a formación, que ven a substituír ó de aprendizaxe e vai dirixido a xoves de entre 16 e 21 anos que carezan da titulación académica necesaria para un contrato en prácticas.

3. **Contratos temporais:** neste tipo de contratos suprímese o contrato de lanzamento de nova actividade e mantense os contratos por obra ou servizo determinado e o contrato eventual por circunstancias da produción, aínda que con modificacións nos seus artigos para poñerlle un límite á contratación temporal causal.



**4. Contratos a tempo parcial:** nesta sección hai a proposta de modifica-la situación dos contratos fixos-discontinuos e de relevo, distinguíndoos daqueles a tempo parcial. Asemade, dispónse equiparar ós traballadores cunha prestación de servizos inferior a 12 horas á semana ou 48 horas ó mes ó resto dos traballadores, en canto o réxime xeral de prestacións.

Posteriormente, o Consello de Ministros aprobou, o 16 de maio, dous Reais Decretos-Leis que dan cobertura legal ó acordo sobre reforma laboral suscrito. Estas normas, que permiten fomenta-la contratación indefinida e reduci-la taxa de temporalidade do mercado laboral español, incentivarán a creación de emprego estable mediante bonificacións nas cotas empresariais da Seguridade Social e incentivos específicos de carácter fiscal para as pemes.

Así, a bonificación xeral para a contratación indefinida é do 40 % e a de transformación de contratos temporais en indefinidos, do 50 %. Ademais, a contía das bonificacións incrementarase en función da dificultade de inserción no mercado laboral dos traballadores contratados.

Desta forma pode chegarse a bonificacións do 60 % durante dous anos no caso de traballadores maiores de 45 anos e mulleres desempregadas de longa duración en oficios nos que estean subrepresentadas, ou a un 70 % ou 90 % durante toda a vida do contrato, para facilita-lo acceso ó emprego dos discapacitados, manténdose, á vez, a subven-

ción a tanto alzado de 500.000 pesetas por cada contratación neste colectivo.

Este sistema de bonificacións complétase cun tratamento fiscal especialmente favorable para a contratación indefinida de traballadores en pequenas e medianas empresas, é dicir, aquelas que tributan no Réxime de signos, índices ou módulos do IRPF, que consistirá nunha exención ó 100 % dos efectos deste imposto durante dous anos.

Os resultados parecen que fan pensar nunha melloría, xa que de xuño a agosto, as oficinas do INEM en Galicia rexistraron 136.568 contratos e deles 7.648 (algo máis do 5,6%) tiveron carácter indefinido, isto é, apenas 2.000 menos que tódolos contratos fixos suscritos no resto do ano.

Se analizamos as medias mensuais antes e despois da reforma laboral, vese que de 1.925 contratos indefinidos firmados como media entre xaneiro e maio, antes da reforma, pasouse a 2.549 contratos indefinidos entre xuño e agosto, despois da reforma, o que fai pensar nunha melloría nesta fórmula de contratación.

Se comparamos agora os datos cos do ano pasado, vese que se produce un aumento na porcentaxe de contratos indefinidos sobre o total de case un 2,5 %, pasando a haber 17.273 contratos indefinidos no período que vai de xaneiro a agosto de 1997.

**Evolución dos contratos indefinidos**

	Nº contratos	Indefinidos	Porcentaxe
Agosto 97	42.214	3.133	7,4
Xaneiro-agosto 96	286.202	8.595	3,0
Xaneiro-agosto 97	320.913	17.273	5,4

Fonte: La Voz de Galicia

Pese o aumento producido neste tipo de contratos, hai que ser prudentes pois de tódalas maneiras o número de contratos indefinidos soamente acada o 5,4 % do total dos contratos firmados nos oito primeiros meses do ano.

Se se quere ve-la situación nos dous primeiros meses de reforma laboral en Galicia e deterse un pouco nos colectivos máis favorecidos por esta, apréciase que se subscribiron 1.380 novos contratos en formación no conxunto de Galicia.

	Conver. e indefinid.	Fomento da contr. indefinida	Cont. en formación	Total
A Coruña	1.243	455	679	2.387
Lugo	106	84	180	370
Ourense	219	117	173	509
Pontevedra	733	294	348	1.375

Período comprendido entre o 17 de maio e o 15 de xullo

Fonte: Direccións provinciais de Traballo.

Paradoxalmente, os traballadores maiores de 45 anos, cunhas maiores bonificacións na súa contratación e conversión en contratos indefinidos, rexistran as cifras máis baixas de abandono da contratación temporal e eventual, polo que as

medidas adoptadas para este colectivo non parece que foran efectivas.

No que respecta á diferenciación por sexos, as cifras conclúen que a conversión de contratos temporais en indefinidos nas mulleres traballadoras, sitúase moi por debaixo da dos homes.

Por sectores, é o sector servicios no que se rexistra un maior número de conversións a indefinidos, seguido do sector industrial e da construción.

Ata o de agora, a nivel nacional, só foron as grandes empresas cunha presenza sindical maior, as que fixeron conversións de emprego temporal en fixo, e haberá que esperar a ver que sucede coas pemes, xa que o éxito ou fracaso da reforma centrarase neste tipo de empresas que aglutina máis do 90 % do emprego total.

De tódalas maneiras, será cos datos do mes de novembro, cando se cumpran seis meses da reforma laboral, cando exista a posibilidade de facer un análise máis en profundidade para coñecer se se cumpren os obxectivos iniciais para os que foi concebida.

Un indicador irrefutable é a evolución da porcentaxe de temporalidade sobre o total de contratación. Os datos do último trimestre de 1996 segundo a Encuesta de Coyuntura Laboral amosan a seguinte distribución en Galicia dos efectivos laborais, ou sexa, os traballadores por conta allea que no último día do ano manteñen un vínculo laboral coa empresa:

	Total	Homes	Mulleres
Contrato indefinido	232,4	159,4	54,8
Contrato temporal	83,1	73,0	28,3
Total efectivos	315,5	214,2	101,3

Miles de persoas

Fonte: Encuesta de Coyuntura Laboral. Cuarto trimestre de 1996 (setembro 1997)

A porcentaxe naquela data de indefinidos respecto o total era do 67,9 %.

Pola súa banda os datos da EPA en Galicia reflicten no cuarto trimestre de 1996 e no segundo trimestre de 1997 a seguinte situación na poboación ocupada asalariada:

<b>4º trimestre 1996</b>			
	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
Contrato indefinido	351,6	232,2	119,4
Contrato temporal	186,3	123,9	62,4
Total efectivos *	541,5	359,5	182,0
<b>2º trimestre 1997</b>			
	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
Contrato indefinido	361,4	236,1	125,3
Contrato temporal	193,5	126,7	66,8
Total efectivos *	561,6	369,1	192,4

Miles de persoas  
 \* Inclúe os non clasificables  
 Fonte: Enquisa de poboación activa en Galicia.  
 Información trimestral.

3.- Tentarase suprimir a actual fragmentación existente entre emprego fixo e emprego discontínuo.

4.- A incentivación dirixirase á creación de emprego estable.

5.- Se deben idear e desenvolver formas de conseguir a estabilidade na contratación.

6.- A Administración Pública ten que comportarse de forma exemplarizante, de tal modo que as súas contratacións fomenten o emprego estable.

## ACORDOS E RECOMENDACIÓNS

Os datos anteriores suxiren que se precisa dunha actuación decidida para incrementar a estabilidade no emprego no mercado de traballo galego. Para conseguilo propóñense o seguinte:

1.- Estímase como moi positiva para a economía a estabilidade no emprego.

2.- Plantéxase como un obxectivo reduci-las cifras actuais de temporalidade.

## 2.15.- Fiscalidade e Seguridade Social

**n** outro apartado deste mesmo traballo estudiouse a incidencia da presión fiscal soportada polos empresarios no conxunto dos ingresos fiscais e tamén presentouse a presión fiscal medida coma porcentaxe do PIB comparándoa coa dos países da OCDE.

As actuais axudas directas para o fomento da contratación concrétnanse en incentivos de carácter fiscal e en bonificacións ás cotizacións empresariais á Seguridade Social. Nestas actuacións subxace o debate de fondo de se, na actualidade, o sistema fiscal é belixerante coa creación de emprego.

O Real Decreto-Lei 9/1997, de 16 de maio, regula os incentivos en materia de Seguridade Social (SS) e de carácter fiscal para o fomento da contratación indefinida e a estabilidade no emprego. Segundo a modalidade de contratación, especificáanse os incentivos correspondentes a bonificacións na Seguridade Social:

1.- Contratos en prácticas e contratos para a formación: en caso da súa transformación en indefinido establécese unha bonificación do 50% da cota empresarial á SS por continxencias comúns durante a vixencia do contrato e ata un máximo de 24 meses.

2.- Contratación indefinida incentivada: neste

apartado hai que diferenciar entre os distintos colectivos:

- xoves desempregados menores de 30 anos e parados de longa duración: a súa contratación indefinida terá unha bonificación do 40% nas cotizacións á Seguridade Social por continxencias comúns, ata un período máximo de 24 meses.

- desempregados maiores de 45 anos: a súa contratación terá unha bonificación do 60% durante os dous primeiros anos e do 50% o resto da vixencia do contrato nas cotizacións á SS por continxencias comúns.

- mulleres paradas en profesións nas que se encontren subrepresentadas: bonificación do 60% durante os dous anos seguintes á súa contratación.

3.- A transformación de contratos de aprendizaxe, formación, prácticas, relevo e substitución por xubilación anticipada calquera que sexa a data de celebración, así como a transformación de contratos de duración determinada ou temporal e formativos en vigor o día 17-5-97, en indefinidos terá unha bonificación do 50% nas cotizacións á Seguridade Social por continxencias comúns durante un período máximo de 24 meses, excepto traballadores maiores de 45 anos, mulleres subre-

presentadas e minusválidos, para os cales a transformación de contratos temporal en indefinido terá os mesmos incentivos que a contratación inicial destes tres colectivos, xa comentada anteriormente.

**4.- Contratos a minusválidos:** se son contratados de forma indefinida, o empresario recibirá unha subvención de 500.000 pesetas por contrato e unha bonificación do 70% ou do 90% da cota empresarial á Seguridade Social, incluídas contingencias profesionais e cotas de recaudación conxunta, dependendo que o traballador sexa menor ou maior de 45 anos, durante toda a vixencia do contrato. Asemade recibirá unha axuda dun máximo de 150.000 pesetas como adaptación para o posto de traballo.

Se o contrato é en prácticas ou en formación, a bonificación á S.S. será do 50 % da cota empresarial e se o traballador minusválido é contratado de forma temporal, a bonificación será do 75 % nas cotas da S.S. por contingencias comúns con independencia da plantilla e do 100 % cando sexa o primeiro traballador.

Estes incentivos acompañanse coas **medidas fiscais** seguintes:

**1.- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas:** os incentivos neste imposto céntranse nos seguintes puntos: redución xeral do rendimento neto determinado pola modalidade de signos, índices e módulos para 1997 nun 15%; mantemento das cuantías de 1996 na modalidade de signos, índices e módulos aplicables en 1997; exención de 500.000 na prestación por desemprego cando se destinen polo suxeito pasivo á constitución dunha sociedade laboral ou dunha cooperativa de traballo asociado, sempre que a actividade á que se destine se manteña durante 5 anos como mínimo; exención das entregas gratuítas, ou por precio inferior ó normal de mercado, de accións ou participacións realizadas ós traballadores en activo pola propia empresa, co límite de 500.000 ptas. anuais, co fin de incentivar a implicación destes na marcha da empresa e manténdose alomenos durante tres anos e, por último, os traballadores contratados por tempo indefinido ata o 30 de xuño de 1997 non computarán como persoal asalariado ós efectos de

determinalo rendimento neto na modalidade de estimación obxectiva do imposto. Asemade, aqueles traballadores pertencentes ós colectivos de xoves desempregados menores de 30 anos, desempregados de longa duración e desempregados maiores de 45 anos, cuio contrato se transforme en indefinido nos 24 meses seguintes á entrada en vigor do R.D. Ley 9/1997 non computarán como persoas asalariadas durante os 2 anos seguintes á citada transformación.

**2.- Imposto sobre Sociedades:** os incentivos fiscais neste imposto baséanse nas seguintes medidas: redución do tipo de gravame ó 30% para os primeiros quince millóns de pesetas de base imponible e ó 35% para a cantidade restante; dedución de 800.000 pesetas na cota por contratación de minusválidos; dedución na cota íntegra dun 10% por determinados investimentos destinados á protección do medio ambiente; mellora da dedución por I+D na cota íntegra, que pasa a ser dun 20%; medidas de actualización de balances que facilita ás pemes o acceso ó crédito e ós correspondentes investimentos xeradores de emprego e dedución por gastos de formación profesional realizados por unha empresa, directamente ou a través de terceiros, por unha cuantía dun 5% dos gastos efectuados no período impositivo.

**3.- Imposto sobre o Patrimonio:** neste imposto os incentivos céntranse na exención dos bens e dereitos das persoas físicas necesarios para o desenvolvemento da súa actividade empresarial, sempre que ésta se exerza de forma habitual, persoal e directa polo suxeito pasivo e constitúa a súa principal fonte de renda. Ademais, a participación do suxeito pasivo no capital debe ser de alomenos un 15% exercendo funcións de dirección na entidade da que debe percibir unha remuneración que supoña máis do 50% da totalidade dos rendimentos empresariais profesionais e do traballo persoal.

**4.- Imposto sobre Sucesións e Donacións:** as medidas neste imposto circunscribíense ás reducións na transmisión da empresa familiar, reducindo na base imponible un 95% para as transmisións lucrativas "intervivos" e "mortis causa" de empresas familiares, baixo certos requisitos, co cal espe-

ra facilitarse a continuidade das explotacións económicas e o mantemento do emprego.

5.- Imposto sobre o Valor Engadido: neste imposto as novidades aprobadas refírense á modificación da base impositiva, rectificación de cotas repercutidas, deducción de cotas soportadas antes do inicio da actividade, rectificación de deduccions e recargo de equivalencia, coas que se pretenden eliminar os obstáculos de tipo fiscal á creación de novos empregos e ó funcionamento doutras en dificultades financeiras por falla de pago do IVA repercutido.

6.- Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados: neste senso a Lei 4/1997, de 24 de marzo, de Sociedades Laborais, contempla varios beneficios fiscais, exencións e bonificacións para este tipo de empresas, tanto a súa constitución e modificación, como en transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados nas adquisicións de activos fixos debido á gran capacidade que teñen este tipo de empresas na xeración de emprego.

7.- Réxime fiscal das cooperativas: a Lei 20/1990, de 19 de decembro, contempla determinados beneficios tributarios para as cooperativas de traballo asociado que teñen, a efectos fiscais, a consideración de especialmente protexidas.

Asemade, xunto con estes incentivos xa regulados, existe unha serie de **medidas** propostas para mellora-la fiscalidade das **pemes**, que eliminen os obstáculos ó investimento e á creación de emprego e reduzan as obrigacións formais dos contribuintes. Algunha destas medidas son:

- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas: con carácter xeral preténdese a limitación da progresividade para incrementos de patrimonio de cuantía reducida, a aplicación de coeficientes de depreciación monetaria para o cálculo das plusvalías, o diferimento do imposto na transmisións da empresa familiar e a clarificación da dobre imposición por dividendos. Ademais existen unha serie de recomendacións para as empresas acollidas ó réxime de estimación

obxectiva e ó réxime de signos, índices e módulos.

- Imposto sobre Sociedades: as propostas céntranse na ampliación do réxime especial de empresas de reducida dimensión a un colectivo máis amplo, que os beneficios previstos actualmente para as empresas de reducida dimensión sexan aplicables a tódalas empresas cun volume de operacións que non supere os 1.000 millóns de pesetas e a integración dese imposto e o IRPF.

- Imposto sobre Actividades Económicas: preténdese a revisión da integración deste imposto cos impostos sobre sociedades e IRPF, a posibilidade de conceder un tratamento específico para as pemes e a revisión deste imposto a medio prazo e a súa substitución por un imposto que non grave as actividades con perdas nin o beneficio presunto.

Asemade, existen tamén unha serie de propostas que afectarían ó Imposto sobre o Valor Engadido, ó Imposto sobre Sucesións e Donacións e ó Imposto sobre o Patrimonio.

Estas medidas, recollidas no Programa Plurianual sobre o Emprego do Reino de España, persiguen como obxectivo o fomento da contratación estable e a creación de emprego, por elo céntranse nos colectivos máis desfavorecidos como son os xoves, os desempregados maiores de 45 anos, mulleres subrepresentadas nas súas profesión e minusválidos.

A utilización do sistema fiscal como fórmula para incentiva-la creación do emprego afecta máis a política estatal e local que a de a Administración Autonómica, xa que os tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia son moi limitados (sobre o xogo do bingo, posibles recargos sobre impostos estatais e o imposto sobre contaminación atmosférica).

## RECOMENDACIÓNS

No senso anterior, as recomendacións exténdese cara o conxunto das Administracións Públicas.

1.- Debe reorientarse a fiscalidade no senso que non debe de ser un freo ó emprego senón un instrumento que o potencie.

2.- Débese cuidar o xeito de conceder incentivos, xa que o trato desigual na concensión de subvencións e bonificacións xera situacións de competencia desleal .

3.- A Administración Autonómica pode arbitrar fórmulas que favorezan a creación de emprego sen alterar a fiscalidade, como por exemplo a redución dos custos para acceder ó solo industrial, evitando que éste se utilice con fins especulativos.